




**Santiago: 30 anos
como Patrimonio da
Humanidade**

Páxina 11



**Especial Eleccións 20D.
Resultados en Galicia e
resto do Estado**

Páxinas 6/11



**Francisco de Calheiros
(Conde de Calheiros),
presidente da TURIHAB**

Páxinas 22/ 23



CO.SA.GA.®
"Medicina en Equipo"

**30 CUIDANDO
DE TU
AÑOS SALUD**

Elige CO.SA.GA., tu hospital en Ourense

- Diagnóstico por imagen, Urgencias y UCI las 24 horas del día, los 365 días del año
- Atención psicológica gratuita al paciente ingresado y a sus familiares o acompañantes



Centro acreditado pola Consellería
de Sanidade da Xunta de Galicia



Primer Hospital de Galicia
con Sello Europeo de Calidad

Clinica Santa Teresa
Tel. 988 37 17 10/11/12

Calle: Sáenz Díaz, 11
www.cosaga.com

Opinión

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema L.

Máis ca nunca a clave é territorial

Co escrutinio case rematado, tanto no noso País como no conxunto do Estado, ningunha coalición a dous, agás a moi improbábel do bipartidismo dinástico (que suman uns 215 sobre 350 deputados, máis de 80 menos ca en 2011) acada números próximos aos 176 escaños da maioría absoluta.

PP e C's fican moi lonxe da maioría absoluta que lle daban a meirande parte das enquisas. Suman en conxunto 162 deputados con cadanseus 28,6% e 13,8% dos votos. Fica ben claro, pois, quen segue sobrancear na dereita española.

Máis complexo é o outro bloque posíbel: Podemos (41 escaños), PSOE (91, cun Sánchez que safa por pouco, pero safa), a catalá En Comú Podem (12), os valencianistas de Compromís-Podem (9) e En Marea (6) acadan 160 escaños. O resto van a IU e ás formacións ERC (9), Democracia i llibertat, alicerzada en Convergència e outros partidos (8), PNV (6), EH Bildu (2) e Coalición Canaria (1). A diferenza neste bloque é que a suma de votos de Podemos máis as forzas nacionais nas que partilla case empata cos votos socialistas, manifestando unha clara distorsión na representación por escaños por mor da regra D'Hondt.

Porén, semella que a clave territorial seguirá a ser importantísima nesta lexislatura, pois que só dende o apoio ou abstención das forzas nacionalistas (quer as presentadas por si, quer as que concorreron en coalición con Podemos) é posíbel unha maioría de goberno. E ésta será imposíbel cun goberno de centro-dereita, alicerzado en dúas forzas inmovilistas no territorial. Porén, Pablo Iglesias xa entendeu a clave territorial, facendo unha chiscadela ao recoñecemento da plurinacionalidade como pao de palheiro dunha reformulación do Estado.

Na Galicia o grande trunfo é para a coalición En Marea. Non só por acadar o 25% do voto e o segundo posto detrás dun PP que cun 37% perde quince puntos, senón por gañar as eleccións en Vigo e empatalas n'A Coruña. O seu empuxe na Galicia urbana foi irreprochábel. E, en último de contas, sumiu Nós Candidatura Galega na irrelevancia, forzando ao BNG a unha urxente refundación.

Oa resultados na Galicia non poden ser trasladábeis ás autonómicas do 2016, mais sinalan unha tendencia. O PP camiña cara á oposición, sempre que os mareantes saiban seguir a acumular forzas administrando con prudencia e xenerosidade o seu resultado.

A parcialidade da mensaxe Real

OXefe do Estado escolleu este Nadal o Salón do Trono do Pazo Real de Madrid para lle transmitir á cidadanía española unha mensaxe na que tomou partido a prol dunha idea de España uninacional e esencialista, vencellada a unha suposta historia común de grandes éxitos. E vencellou a Monarquía, a Coroa, a esta idea esencialista, máis ancorada no pasado que proxectada no futuro.

A propia escolla do lugar afastou a El-Rei de transmitir proximidade e complicidade, para salientar a solemnidade e a vinculación da dinastía Borbón con ese pasado de supostas glorias comúns, no canto de conectala coa elección cidadá e co pacto social. Mágoa que Felipe de Borbón non lembrase que os seus devanceiros protagonizaron episodios tan pouco edificantes como a represión en Catalunya, Illes Balears ou País Valenciano (Felipe V, 1707-1715), a represión aos liberais e demócratas de Fernando VII (1814-20 e 1823-33) ou o apoio do seu bisabó Alfonso XIII á ditadura de Primo de Rivera (1923) e ao golpe do xeneral Franco (1936).

Porque, alén dos parabéns de Nadal en galego, catalán e euskera, El Rei non fixo aceno ningún a prol da España plurinacio-

nal e amosou ben ás claras as súas prioridades. O problema principal sería a unidade do Estado, non os déficits de xustiza social, equidade e falla de cohesión xeradas pola Gran Depresión. Velaí que todas as forzas políticas alleas ao trivote PP-PSOE-C's sinalaran as súas graves diferenzas co eixo do relato de El-Rei.

Semella, pois, que a Coroa tende a se identificar cos valores do nacionalismo español e renuncia ao exercicio da súa función moderadora. Afastándose non só das periferias, senón dos sectores cívicos máis partidarios do cambio. Asumindo o relato da dereita española, reconciliándose cos sectores sociais máis especificamente monárquicos e renunciando á sedución dos sectores máis progresistas.

Felipe de Borbón manifestou un concepto de "Constitución" esencialista e pouco aberto a remudas ou reformas. Un concepto estático de legalidade constitucional que fai prognosticar unha actitude continuamente refractaria da Coroa fronte ao encaixe plurinacional do Estado. Polas razóns que sexan, o Xefe do Estado semella que xa non acredita naquel lugar común da "Monarquía para todos"



Por: Carlos Méixome

Omeu tío-avó Nilo era ben rabudo coa rapazada. Sendo non moi lido en Freud, se o chegase a saber charmaríalles tamén "perversos polimorfos". Ora, era rexoubón cos de fóra; pola contra coa súa mancha de sobriños-neto era consentidor, para desespero do avó e da avoa. Alá nos deixaba agocharnos no medio das mazarocas do millo, facer fochancas na herba seca, agatuñar polas cerdeiras ou mesmo subir aos valados do camiño e tirar algunha que outra pedra solta. Ás veces mesmo tiña comportamentos non propios da súa idade; sempre por resgardar a súa tribo. Cando, case a diario, había tirapuxas entre a xente miúda e, xa que logo, saía a lingua fora, o meneo de cu ou o chinchin-



bincha, o tío-avó Nilo non era quen de cou-tarse e acababa metido no medio da barullada para defender os seus, os da casa. Aquela conduta infantil supúnlle enrachadas ben grandes con media parroquia, de xeito especial coas nais e/ou avoas dos e das protagonistas, que tardaban días en esquecerse... ata a seguinte chinchin-

Lembreime da súa pueril actitude cando se me pasou pola mente imitalo por mor dos resultados do pasado día 20. Explícome. Os medios de retransmisión ideolóxica afincados na capital do reino levan dende o remate de setembro preocupados e iracundos porque meses despois das eleccións catalás os "soberanistas" non dan formado goberno e pode que se teñan que celebrar novas eleccións. Todo por culpa dun perverso personaxe xurdido das cloacas do "pujolismo" en sintonía conspiradora coa anti-España. "Los españoles dramatizan mucho" dixo nunha ocasión Enric Juliana. É ben certo: "todo el poder a los soviets", "una minoría anticapitalista decide la suerte de Cataluña", subtitulou El País a información en directo sobre a decisiva asemblea das CUP. Pois agora a encerellada téñena para formar o goberno de España.

Na lóxica de Berlín e Bruxelas non se entenden ben estes asuntos. Se a "Große Koalition" (12.746.223 votos) pode gobernar con absoluta tranquilidade, por que non se fai?, pregúntanse. Non perciben que aínda estamos no postfranquismo político, que a cidadanía española non comprendería un

Chincha, rabincha

acordo entre os históricos polos opositores; mais, ao tempo, unha parte significativa da sociedade española abandonou definitivamente o postfranquismo como demostra o éxito electoral de Podemos que acadou unha dimensión especial onde foi quen de establecer alianzas (Cataluña, Galicia e o País Valenciano) ou, sen elas, onde existen reivindicacións nacionais (País Vasco). Nestes catro territorios conseguiu case a metade dos seus deputados (33) e 2.323.822 votos; mentres que Podemos só, no estrito territorio español, fica con 36 deputados e 2.865.511. Así que o partido de Iglesias está pillado por esa enormidade de votos periféricos que lle deron a súa confianza para recompoñer a estrutura territorial do estado e que de non facelo fuxirán, na súa maior parte, a outras alternativas (ERC, CDC, PNV, EH, CC, BNG que suman 1.837.356; ou IU que acadou os 923.105). En números brutos, dunha banda, o espazo do réxime da restauración (PP+PSOE+Ciudadanos: 16 millóns de votos); da outra, no dobre espazo de ruptura (social e/ou nacional) acumúlense oito millóns de votos. O choio non parece doado: Podemos pillado, o PSOE atrapado e o PP derrotado.

O PSOE pode morder a tentadora mazá do réxime: apostar pola gran alianza, blindándoa por catro anos e unha reforma electoral que reduza aínda máis a proporcionalidade para protexerse do flanco emerxente, ou absterse e deixar gobernar ao PP. Nos dous casos a posibilidade do "sorpaso" e mesmo

a ameaza da "paso-quización" será real. No segundo caso o proceso sería acelerado, pois o PP, tendo que gobernar en minoría, non tardaría en provocar a convocatoria de novas eleccións e arrepañar os votos de Ciudadanos. Quédalle a terceira alternativa: un acordo con Podemos, co inconveniente de non ser suficiente. Nesta opción o referendo que Podem en Comú rescatou do fracaso de Pablo Iglesias nas catalás converteríase na mazá da discordia. O asunto está entre un proceso "continuante" ou a apertura dun, ou varios, procesos constituíntes. É o momento da política, da de verdade, non da de Marx, Groucho, que a entendía como a arte de buscar problemas, atopalos, facer un diagnóstico falso e aplicar as solucións erradas como veu facendo parte do nacionalismo galego nos longos e tortuosos últimos anos. Agora tamén haberá nacionalistas nas Cortes e Galicia terá grupo propio.

Cando estaba a rematar estas liñas souben do "resultado indefinido" da asemblea das CUP. Ás veces peor que tomar unha decisión, aínda que sexa mala, é non tomar ningunha. A división quedou explícita. As posibilidades dun acordo de goberno en Cataluña é menos doado e unha nova convocatoria electoral está máis preto, a unha ducia de días. Os medios de reprodución ideolóxica da capital do reino cualificaron a situación de "sainete". Ao mellor alí su-pérano.

Mentres, o xefe do estado exhibe o seu palacio.



Valoraci3n urxente de resultados



Baldomero Iglesias Dobbarrio

Mero

Facer unha valoraci3n dos datos, no Estado ou no que afectan a Galiza, pode resultar –cando menos– unha tarefa de recreaci3n subxectiva absoluta, chamada m3is 3 creaci3n que ao reflexo do que 3 nos v3n dado en n3meros ou realidades. Para canto m3is, facer unha interpretaci3n obxectiva dos mesmos. Quen, no seu san xu3zo, pode crer que os de “Ciudadanos” saquen un representante e N3s, queden sen representaci3n. Somos suicidas ou que? Interpretar quere dicir m3is ou menos, dar raz3n de aconteceres, e eu non vexo modo nin maneira de explicar tal dato. Sinto m3goa fonda e mesmo dor. Dor de querernos tan pouco. S3ntome contrariado 3inda esquecendo os recontos de 3ltima hora, porque o que se necesita urxentemente 3 unha revolta social, pac3fica pero que lle dea a volta a este estado de caos e destruci3n que vivimos, no que vemos como nos menten m3is do que falan. C3mpre recu-

perar e procurar de novo un reparto m3is xusto que, polo menos, ofrezca certa confianza para a maior3a: os curretos. C3mpre tam3n recuperar a “democracia” en transparencia, pois tam3n cegaron a Xustiza e desde 33 todo 3 posible nesta desfeita. Foron anos de verg3ña propia e allea, de mentira seguida e corrupci3n xeralizada, dun poder que non procura nin quere o ben com3n.

Despois de ver os datos abroia unha esperanza no medio dunha opini3n de considerarnos 3inda m3is “masocas” do que somos. Seica os de “Ciudadanos” te3nen pensado potenciar e rebaixar o Ive das orquestras en Galiza, seica as paisaxes nosas, son pl3t3s id3neos para as pel3culas do mundo que eles ven en so3os. Verg3ña en estado supino!

O PSg necesita facer o que nunca fixo por Galiza: galeguizar e empezar a sentirse de aqu3. Liberarse do sector do partido que so3a en “ingl3s” e empezar a pensar en clave de pa3s, exercendo de galegos. S3ntoo polas escasas excepci3ns que co3ezo e que non abundan para confirmar que son de aqu3 e que queren ser. Seguen lonxe, moi lonxe de n3s e do Pa3s.

O PP ga3nou numericamente pero non lle chega. A d3a de hoxe d3bido sexan quen de ter amigos

para compartir estrado, anque s3 sexa para gobernar. Pesa sobre deles toda sospeita p3rfida de corrupci3n e pert3ncelles a culpa deste caos no que habitamos. Son antigalegos e malos xestores, ego3stas e merecen o castigo dos tantos sufridores que os padecemos.

A maior pena f3i o que aconteceu con N3s, doe en carne propia e agora cando m3is necesarios c3 nunca eran! N3s ter3 que reconducirse e para iso, non debera perder nin sequera o nome. Sempre O Bloque f3i O Bloque e os demais tam3n foron quen eran. Debera seguir sendo 3s3, pensando en clave de N3s para conxugar puntualmente vontades. Non chega con traer caras novas, como alg3ns dic3an, neces3tanse adem3is ideas e mensaxes novas que aleccionen, que ilusionen, que mobilicen a todos, xustamente para chegar tam3n a aquela xente que non te3nen diante constantemente. E, anque eu non son quen de dar consellos a ningu3n, que non ca3an no discurso de dar lecci3ns de nada, nin sequera se crean expendedores dos carn3s do Nacionalismo. Desde 33, poderanse recuperar moitos outros nacionalistas que quedaron f3ra dos plans de restauraci3n acelerada. Queda moito personalismo –non precisamente e s3 na UPG, como

se di- e cheo de absolutismos e frases lapidarias. Fonda reflexi3n, autocr3tica e vontade xenerosa dos vellos para, coa s3a axuda, dar paso aos novos sen esgotar unha ilusi3n chea de soluci3ns, e acabar coa ca3da libre destes 15 anos.

Os de En Marea sa3ron ben parados co seu proxecto federalista, ...agora h3i que esperar a ver se cumpren! Parece ser que foron moitos os que neles confiaron.

Confiados en que poidan soste- r –3inda desde a ensalada de siglas que os concilia- a dignidade das persoas que representan, e de Galiza, neste caso sen outros portavoces que nos representen. Tampouco se descarta que haxa que repetir elecci3ns porque as cousas non quedaron para nada claras. A ver agora como van os pactos e, se houbese que repetir 3l3 para o ano que v3n, que sexa para confirmar que os que nos gobernaron foron adem3is de malos gobernantes, malos xestores e perden 3inda m3is puntos!



Por: Manso Preto

Her3is do ultramar

A C3mara Municipal de Vila Nova de Cerveira onde orgulhosamente eu nasci, resolveu substituir a est3tua/monumento que visa homenagear todos os fillos da terra que perderam as vidas en serv3o militar nas antigas ex-Col3nias portuguesas.

Em seu lugar colocaram uma mulher, talvez simbolizando as v3úvas e m3es que, por raz3es que lhes foram alheias, viram ‘partir’ precocemente os seus entes queridos. At3 a l3pide com os nomes dos desafortunados combatentes, despareceu ...

Her3is, para todos os efectos!

Entregaram-se e deixaram-nos pela sua P3tria, muitos deles sem perceberem das raz3es mas a quem non restavam alternativas. Este ano, uma vez m3is, a cerim3nia teve lugar mas, segundo me confidenciaram, o desconforto, revolta e incompreensi3n estaban nas mentes dos antigos companheiros de armas que 3l3 se deslocaram. Afinal, o que se pretendia homenagear? Os her3is, os faleci-

dos ou as mulleres que, certamente nos merecem todo o respeito mas que, se calhar, tam3m elas non se rev3em na nova escultura? A3inda por cima na conhecida ‘Vila das Artes’!...

Falamos de portugueses que, independentemente do percurso da Hist3ria, do regime pol3tico de ent3o, das obrigaci3es que lhes estaban impostas, das suas pr3prias convicci3es ou at3 das suas personalidades (algumas delas pol3micas), demostraram uma invulgar capacidade de coragem e sacrificio debaixo de fogo e uma determinaci3n inabal3vel perante a adversidade e o terror que s3 uma guerra consegue abalar nas suas consci3ncias.

A entrega das suas pr3prias vidas, muitas veces para salvar as dos camaradas, na bravura com que defenderam a P3tria, deviam merecer de todos um maior respeito. A Hist3ria non se apaga, por muito que se derrubem os seus s3mbolos!

O contr3rio 3 humilha3o e h3 muitas formas de a conseguir ...

A Comunidade Intermunicipal (CIM) do Alto Minho e a Comiss3o de Coordena3o e Desenvolvemento Regional do Norte (CCDR-N), ambas com supostas motivaci3es sociais ‘primaram’ pelas aus3ncias num encontro promovido h3 d3as para debater a pobreza na nosssa regi3o.

A iniciativa coube 3 Rede Europeia Anti-pobreza de Viana do Castelo.

Do Porto nem uma resposta ao convite, tal a ‘lhaneza’ de trato e o inesperado relacionamento institucional!... Da CIM, apesar das suas dezenas de funcion3rios, non houve uma alma que a fizesse – ou quisesse – representar...

Na g3nese da organizaci3o estava uma reflexi3o e prov3vel estrat3gia

comum contra o atraso dos Fundos Comunit3rios e o seu impacto nas respostas sociais, logo pol3ticas tam3m, quando se sabe da crise econ3mica que atravessam as institui3es de solidariedade. Isto numa regi3o considerada das m3is pobres do pa3s, com o PIB per capita m3is reducido, com o poder de compra pelas ruas da amargura, com uma enorme taxa de desemprego e uma populaci3o envelhecida.

Inqualific3vel, imperdo3veis e injustific3veis a todos os t3tulos estas aus3ncias. Uma vergonha, uma enorme insensibilidade de desprezo pela pobreza e desigualdade crescente, posturas estas para com aqueles que t3m enormes car3ncias e dificultades de integra3o, mas tam3m uma vil afronta aos que voluntariamente d3o o melhor de si perante uma crise moral, social e pol3tica adversas que desmobilizam o asociativismo geroso.

Caberia aos nossos dirigentes pol3ticos – a quem lhes foram dados cr3ditos nos sufr3gios eleitorais – uma resposta eficaz. 3 preciso fazer-se muito, mas muito m3is do que acompanhar com ar pungente os andores nas Prociss3es, perseguir os altos representantes ou mesmo as simples batinas clericais como se fossem possuidores das suas agendas pastorais, s3 para ficarem na pose dos fot3grafos enviados estrategicamente por assessorias de comunicaci3o de modo a criarem uma ‘imagem’ junto do povo do qual se pensam adulados ...

N3o basta – para essa tribo pol3tica – travestir-se com laivos de ar piedoso e p3r a m3o no peito como que imbu3dos interiormente de um invulgar ‘chamamento’ espiritual.

E o problema 3 que continuaremos a v3-los pelas campanhas eleitorais numa ‘roda viva’, embevecidos, a saltitar de missa em missa, a comungar para os flashes!...



Editorial

Por: Guillermo Rodríguez

Director



Vimos de saír do túnel do tempo das eleccións xerais. Durante meses estivéronnos a machacar dende os “televexos” e os medios “pe-sebristas” do que podía pasar se non eramos obedientes e faciamos as cousas como eles, os de sempre, nos indicaban. Levaban anos traballando para nós sen deixarnos caer no buraco da miseria á que nos tiñan levado os gobernantes anteriores. Despois de min, o diluvio, dixo creo que foi Napoleón. Igualiño, ou eu ou isto vaise ao carallo, dixo Rajoy, aínda que máis finamente, claro.

A cuestión non é que van facer co rebumbio que fixemos todos, uns máis que outros, cos nosos votos. Non fomos de todo obedientes. Levan días, semanas, a darlle voltas á mazaroca pero non lle ven moito futuro ao asunto.

Chegados a este momento da película, voume atrever a facer de gurú; por que non? Todos os días asistimos, os que aguantan, claro, a debates televisivos de homes e mulleres coma nós, coa diferenza de que teñen amigos nas altas instancias e chámanos para soltar as ocorrencias que lle veñan ao maxín e, por enriba, páganlle. Asi calquera se fai oráculo de Delfos. Vou ser máis atrevido e baixar ás profundidades do sistema; porque, entendo, é aí onde reside a verdade do que nos está a pasar. Vexamos.

Sen botala vista moi atrás, atopámonos que os gobernantes dos últimos 40 anos (imos deixar fora aos 40 anos de Paz-iencia, lémbrense daquela campaña do franquismo, “25 años de paz”?) son os responsables de asentir os alicerces dunha sociedade moderna, na que foron coutando pouco a pouco aquelas materias de ensino que estaban chamadas a conformar unha masa cidadá

Crítica, protesta que algo queda

crítica, analítica, pensante. Se durante o século XVIII a tarefa modernizadora consistía en emancipar os cidadáns, individual e colectivamente, das ga-

que pensen por nós. Para que queremos a Kant (ese que o xefe de “Ciudadanos” dixo que tiña de cabeceira pero non coñecía ningún libro que tivese

Maite Larrauri, na súa “Filosofía para profanos”, dinos que actualmente existe un campo fértil, composto por persoas medorentas e que se refuxian



BOAS FESTAS, BUENAS FIESTAS, HAPPY PARTIES, BONNES FESTES...

doupas da xerarquía católica e do Antigo Réxime, no XXI as formas de sometemento cambiaron: agora son o medo o futuro, o sometemento os intereses do Gran Irmán capitalista. Dos plans de estudo foise eliminando unha disciplina chamada FILOSOFÍA (Si, así con maiúscula), que estaba chamada a conformar mentes analíticas, críticas co sistema que se estaba a impoñer paseniñamente, como unha mormaceira que rematou por enchouparnos a todos. Había que conformar homes e mulleres para o futuro, que pasa, por suposto, polas máquinas, polos ordenadores, que en pouco tempo serán os

escrito; todo un modelo de político culto, si señor!). Obviamente este tipo de políticos que se nos ofrecen como a panacea para todos os nosos males, non entenden por que un Estado debe invertir en pensamento, en ideas, en formar cidadáns cultos. Cando os lexisladores e os gobernantes non son quen de comprender o valor dunha disciplina como a filosofía chegamos ao momento actual.

Preguntáranse vostedes onda quero chegar. Que relación ten a filosofía cos resultados electorais? Pois permítanme que lles diga que moito; ten moito que ver. Vexamos: A filósofa

en programas de auto-axuda, deses que dan pola tele. Ese medo, dinos a filósofa, ten inductores que sacan rendemento, cunha estratexia que non por necesidade moi elaborada. Para meter medo non fai falta moito. Kant afirmaba que os dous vicios que impedían o progreso da humanidade eran o medo e a preguiza e que para vencer o medo había que cou-tar aos que meten medo; referíase a médicos, curas e algúns (hoxe diríamos que case todos) informadores.

As últimas reformas educativas botaron ao lixo a materia de Filosofía, ou, convertérona nunha “maría”. A formación

académica, din os nosos gurús ministeriais, debe preparar individuos para o que, suponse, precisan as empresas.

O programa electoral de “Ciudadanos” fálanos do, suposto, enorme desaxuste entre o que se aprende e as habilidades e coñecementos que demanda o mercado do traballo; o do PP lémbrenos que apostan pola “empleabilidade” dos estudantes. Úlese a mesma ideoloxía. O sistema educativo que esquece a Filosofía deixa de ser unha ferramenta de transformación social. Os alumnos “empleables” son os que non van cuestionar a realidade, non van ter dúbidas, non van pensar autonomamente, non van criticar ningún sistema político o que se deban someter; van ser ovellas dun enorme rabaño que precisará dun só pastor, dun único líder que pense por eles. Fascismo? Ditadura? Vostedes elixan.

Que ten que ver isto coas últimas eleccións? Subíase ao santo ao ceo. Pois seica, semella, fican aínda persoas que leen a Kant, fican cidadáns que son quen de espreguizarse os medos inoculados polo sistema e provocar este pequeno tsunami que ten aos políticos desacougados. Eis a explicación. Seguirán crescendo os incrédulos, os pagáns do sistema, como me dixo hai días un cura? Veremos que pasa. Non perdamos a esperanza.

Que teñan un bo ano 2016 e tempo para pensar, reflexionar, criticar... aínda que lles digan que perden o tempo. Para que o queremos se non é para usar a nosa maneira? Ou non?

EIXO ATLÁNTICO

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Redactores: Rocío Pereira Luzro81@hotmail.com
Jesús Losada jlosadadorado@gmail.com
Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com
Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Deseño e maquetación: Miguel G. Montero

Colaboradores: Inma Otero, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxio Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Mnaso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG-138-2015

Por: Inma Otero Varela

O eu manso

Rebeca Baceiredo, *Capitalismo e fascismo. Psico-ontoloxía da escravitude, Euseino?* (Vigo: 2015)



Coa chegada do século XXI aséntase o xénero ensaístico galego. Habilítanse premios, coleccións e editoriais que acollen ensaio, como Axóuxere, 2.0 Editora ou Euseino?. Á súa vez multiplícanse os textos que se axustan agora aos trazos propios do xénero, a diferenza de gran parte das obras anteriores, excesivamente académicas, en parte polo aproveitamento de investigacións universitarias que non sempre se adaptaron axeitadamente a unha función máis divulgativa. Sería interesante analizar polo miúdo os temas tratados. Moitos adoitan buscarlle as voltas á identidade galega para ubicala nun momento histórico considerado crucial. Cómpre preguntarse se houbo algunha época que non o fose. Mais nese situarse sempre se atendeu, e se atende, o diálogo que se establece coa codificación do resto do mundo no mesmo período temporal. Unha consideración sistémica máis antes de entrar no contido do libro. Ata hai moi pouco os traballos ligados ao pensamento teórico, entre eles a produción de ensaio filosófico, estaba reservado aos homes. Mesmo cando a presenza das mulleres se incrementou nas letras, foino facendo, e non por casualidade, noutro tipo de xéneros. Rebeca Beceiredo é unha das voces que máis ten contribuído desde Galicia a reflexionar, crear pensamento, sobre a contemporaneidade. Desde a óptica da posmodernidade entendida na súa vertente de crítica do capitalismo tardío, achégase á descrición da sociedade pero

tamén á descrición do suxeito, como se comproba en obras anteriores como *O suxeito posmoderno* (Galaxia, 2006) ou *A revolución non vai ser televisada* (Euseino?, 2013). As interseccións dirixidas polas doxas do poder entre o común e o individual, nomeadamente do individual muller, son exploradas pola autora a través doutras disciplinas como a fotografía, o que crea un universo autorial ben rico e orixinal, absolutamente polisémico e coherente, que dificilmente se axusta á rixidez das categorizacións xenéricas mesmo no ámbito da cultura.

En *Capitalismo e fascismo. Psico-ontoloxía da escravitude* debulla as características dos dous sistemas políticos. Ambos perseguen o dominio dos cidadáns, os novos escravos que se ven despoixados das marcas da linguaxe para someterse tamén ao simulacro das etiquetas. O capitalismo prefere a vía eufemística do autodomínio libremente escollido que, á fin, consiste na alternancia das posicións de sadismo e masoquismo; sometemento ao poder, no fascismo representado polo líder e no capitalismo polos modelos sociais que detentan a xestión da acumulación, combinado coa doma dos que aínda fican máis lonxe do modelo e aos que cómpre encarrear. A territorialización no Nomos precisa axustarse cada certo tempo para adaptarse ás demandas que o propio Nomos xera, de maneira directa ou colateral. O desexo como motor do capitalismo, é dicir, a creación de necesidades continuas e ilimitadas que é o mesmo que a

universalización da frustración, alcanza o propio ego. Por unha banda, o tempo sobran e a "enerxía vital" residual necesitan canalizarse para que o tempo de lecer non propicie subversións. O sometemento aos dispositivos electrónicos e ao mundo internet, por exemplo, cumpre esta función. Atender a información, controlada e repetida, para "estar ao día" agota calquera tentativa espuria ao tempo que se converte noutro dos mecanismos que asentan a ignorancia. Doutro lado, a ollada cara ao eu, para alén de ser potenciada como xeito de desactivar a filiación colectiva pero coa fasquía, novamente, da liberdade, ou na liña eufemística antes apuntada da deturpación dos lexemas, da consigna do liberal, tamén se capitaliza. Para paliar a procura dunha identidade orixinal o sistema ofrece un catálogo de comportamentos e personalidades; unha selección ampla e vixiada de eus para podernos dar o gusto de elixir. E cando tamén falla esta barreira, a neurotización da cidadanía inducida tamén por un sistema que fomenta a baixa autoestima atopa freo na instauración dunha espiritualidade capitalista, na proliferación do coaching ou na biopolítica, no control dos corpos e as mentes a través da medicación. Mesmo se capitaliza a emoción no mundo da empresa como método de selección para algún tipo de traballo ou como forma de afianzar os vínculos coa compañía. Especial relevancia ten o goberno do corpo do suxeito muller ao que se lle adican varias pasaxes do libro. Con todo, detectado o mecanismo, detectado o problema. Nas conclusións que propón Rebeca Baceiredo fórmulanse posibles vías de fuga. Tanto se se decide ou non emprender algunha, o texto dá a coñecer de maneira lúcida o terreo sobre o que camiñamos e a nós mesmos como camiñantes.



Por: Andrea Goro

Miserias das grandes cidades



É unha ledicia ter esta oportunidade de falarvos sobre as miñas experiencias lonxe da terra. Sempre pensei que unha das partes mais bonitas de viaxar é ter historias que contar aos amigos ou, neste caso, aos compatriotas. Cando un pasa certo tempo noutro lugar, hai moitas cousas que cambian na súa maneira de percibir o mundo; eu, por exemplo, doume conta cada día de que existen persoas fantásticas en cada recuncho do planeta. Non é que viaxara

mundo fixome interesarme mais polas distintas culturas e as maneiras de vivir doutras persoas. Non foi ata que volví alí, dous anos mais tarde, que me din conta do desequilibrio social que reinaba na capital do país galo. (Cabe sinalar que veño dunha vila que ten menos poboación que calquera dos vinte barrios de París). Lembreime entón da famosa frase de Mandela, de que non hai nada coma volvermos a un lugar que non cambiou, para darnos conta de como cambiamos nós. "¡Oh, Champs Élysées!" -di a famosa canción- "Alí atoparás todo o que queiras". ¡Abofé que si! Podes atopar a Dior, a Luis Vuitton ou ao Tommy Hilfiger. Con tanto glamour e tanto lucerío, un non sabe nin para onde mirar. (Con razón a nai de familia da serie *Cuéntame* viaxaba a París no ano se-

lle deixa sacar a instantánea perfecta. Estou a falar das persoas sen fogar, especialmente das que durmen na rúa. Supoño que cando toca escoller un anaco de chan que estea limpo para botar os cartóns e a manta, as entradas das tendas mais luxosas convírtense no lugar perfecto. ¡Menudo cadro! ¿Imaxinádelo? A primeira vez que o vin deume por rir. Pero non me ría deles; rin porque a situación me pareceu ridícula, fóra de sentido. A partir dese momento cambiou a miña visión daquela cidade máxica, e de tantas outras grandes urbes. Comecei a percatarme das grandes desigualdades sociais que tiñan lugar ao redor de mín. Lembreime entón dunha asociación de estudantes na miña universidade da que me tiñan falado; un grupo de rapaces voluntarios que organizaban saídas á rúa para levar bebidas quentes e algún bocado ás persoas sen teito. Apeteciame coñecer



eu moito, pero sempre que visito un sitio novo me levo algunha boa sorpresa que me gusta compartir. Claro que tamén hai moitas malas intencións, pero delas xa están ateigados os informativos, ¿non si? Fai algo mais dun ano comecei a publicar unha serie de vídeos en Internet falando dalgúns encontros que me inspiraban positivamente. O primeiro deles foi realizado en París e ata alí quixera levarvos hoxe tamén. Cando tiña vinte anos tiven a sorte de estudar uns meses na cidade das luces. Daquela non tiña un espírito tan crítico coma agora, nembargantes, o feito de coñecer a xente de tantas partes do


tenta, buscando inspiración para as prendas de roupa que confeccionaría mais tarde na súa modesta *boutique* dun barrio de Madrid). Cafés, hoteis, museos, teatros e galerías de arte. Un sinte a necesidade de saca-la cámara de fotos desde o primeiro minuto, mais, cando o fai, cae na conta de que hai algo que estorba, que non

mais sobre esta iniciativa. A pesar de non ser xa unha estudante, déronme unha calurosa benvinda e participei nestas saídas durante uns meses. Teño que dicir que esta universidade da que vos falo, tiña asociacións de tódolos tipos: grupo de debate, improvisación musical, deporte, teatro... Era raro que un estudante non estivese metido en algo disto, cun cargo e unha aportación importantes, ademais das obrigacións propias da carreira universitaria (cousa que eu admiraba). E, entre todos estes grupos, estaban os compañeiros da asociación *Fleur de Bitume* (flor de asfalto)



Especial Eleccións

Total España



PARTIDO	ESCAÑOS	VOTOS	%
PP	123	7215530	28.72 %
PSOE	90	5530693	22.01 %
PODEMOS	69	5189333	20.66 %
C's	40	3500446	13.93 %
ERC-CATSI	9	599289	2.39 %
DL	8	565501	2.25 %
PNV	6	301585	1.2 %
UNIDAD POPULAR	2	923105	3.67 %
EH Bildu	2	218467	0.87 %
CCa-PNC	1	81750	0.33 %

Por: Isidoro Gracia



Á vista dos resultados do 20 D e cos condicionantes constitucionais, e complicado calquera goberno; imposible un de esquerdas.

No Tenorio tralo engano a Doña Inés de Ulloa, Luís Mejías dille a Juan Tenorio: "...con lo que habéis osado, imposible la haís dejado para vos y para mí". Pois ben o electorado falou pero, quizá con certo descoñecemento que nin os partidos, e aínda menos os expertos analistas que pululan por televisións, emisoras e papel escrito, se molestaron en disipar, con claridade, as súas intencións ao emitir o voto. Empecemos pola ausencia de debate e información sobre o papel do Senado, do que si alguén dixo algunha cousa foi para predicar a súa escasa ou nula importancia (ata houbo quen propuxo non votar sena-

dores para protestar e, a vulgar polas cifras, bastantes votantes seguiron a proposta). Sendo importantes os resultados do Congreso, a clave do que pode deparar o futuro das decisións de goberno e das modificacións ou novidades lexislativas, está nos resultados do Senado. Esquécese que o Senado ten unha capacidade de iniciativa lexislativa igual que o Congreso. Que pode vetar as leis e outras decisións que o Congreso aprobe, o que obriga a un proceso moi complexo que dura meses para desbloquealas. Que só o Senado pode autorizar a utilización do artigo 155 da Constitución. Que é imprescindible o seu acordo para ratificar moitos convenios internacionais, ou os convenios de colaboración entre CC.AA; ou a distribución do Fondo de Compensación Inter-

De por que hoxe non é posible un goberno de esquerdas

territorial (uns cantos miles de millóns de €) etc. E para moitos deses temas fai falta maioría absoluta e non vale a simple, polo que a abstención non chega. Polo tanto dada a maioría absoluta (moi absoluta) do PP no Senado, si na actual situación, no Congreso se conseguira unha coalición para calquera iniciativa de esquerdas todas as súas medidas, menos a investidura do Presidente de Goberno, poden ser vetadas. Isto é o normal para a xestión do día a día, con todo si escoitamos as intencións de modificación da Constitución, metémosnos nun terreo máis complexo. Empecemos por unha reforma das fáceis: para empezar hai que superar, como mínimo, os tres quintos necesarios para que exista un proxecto de reforma, e logo dal-

gunhas idas e vindas, incluíndo comisións paritarias conxuntas de Congreso e Senado, seguirá sendo necesaria a maioría absoluta do Senado (134 senadores) e de dous terzos do Congreso (234 deputados), ademais dun referendo con que o pidan só 35 deputados ou 27 senadores. Pero si facemos caso a que o que se propón é facer unha reforma que toca temas profundos, o procedemento esixe: a/ contar coa aprobación dos dous terzos das actuais Cámaras; b/- disolver e facer novas eleccións; c/ volver a contar cos dous terzos das novas; e d/ convocar un referendo obrigatorio. Un par de conclusións. Certo é que o pobo falou, pero claro non dixo nada. Supoñendo que se consiga unha maioría de esquerdas, máis nacionalistas, calquera tema importante terá que contar coa vontade dos cidadáns conservadores, que deron unha minoría maioritaria de dereitas no Congreso e absoluta no Senado.

En Marea agradece o apoio da cidadanía galega que vai permitir por primeira vez que Galicia teña grupo parlamentario propio

Os resultados acadados nas pasadas eleccións poñen de manifestó a vontade e ilusión de cambio e dan un paso máis cara a lograr o Goberno da Xunta nas próximas eleccións autonómicas

Os membros do grupo de deputados do Congreso e senadores manifestaron os seus puntos de vista logo do resultado conseguido.

En Marea din, é o que estaba a reclamar a xente do noso país. Unha candidatura que durante a campaña afirmouse "é a que máis se parece a este país" e que agora xa quedou demostrado.

O deputado pola Coruña, Antón Gómez-Reino, resaltou o papel de En Marea como impulsor dun novo xeito de facer político, unha ferramenta que se vai continuar vendo nas vindeiras eleccións municipais. "A sociedade galega expresou unha clara vontade de cambio" destacou Gómez-Reino.

A deputada por Pontevedra Alexandra Fernández, pola súa banda remarcou un dos cambios funda-

mentais que "a xente votou con ilusión, non tivo que tapar o nariz cando depositou o seu voto, foi un voto convencido e con ilusión percibíase na rúa".

O deputado por Lugo, Miguel Anxo Fernán-Vello, salientou que En Marea "no plano histórico logrou nesta segunda volta o que faltaba: por fin Lugo ten un deputado nacionalista, internacionalista e de esquerda". "A intelixencia colectiva do noso país, a conciencia colectiva e activa falou democraticamente por un cambio no Estado e tamén en Galicia".

O deputado por Ourense, David Bruzos, asegurou que con estas eleccións "comeza a decandencia do baltarismo". En Marea chega para recuperar o emprego, nun medio rural vivo e rexenerar democraticamente este país.

Ángela Rodríguez, 2ª deputada electa por Pontevedra, afirmou que estamos ante un resultado histórico que supón o primeiro paso para recuperar as institucións para a cidadanía.

Yolanda Díaz, 2ª deputada pola Coruña, anunciou que En Marea "vai debuxar a Galicia do século XXI". Estará orientada a defensa dos sectores produtivos galegos para que a xente deixe de emigrar e reivindicou a confluencia da esquerda como o único camiño para acabar co goberno do PP nas vindeiras eleccións autonómicas.

O senador electo pola Coruña, José María García Buitrón, centrou o seu discurso en salientar o traballo que En Marea levará a cabo para cambiar "unha Cámara obsoleta como é o Senado para deixe de ser un retiro de elefantes".


Por último, a senadora electa **María Vanesa Angustia**, incidiu no momento histórico para Galicia que por fin vai chegar ao Senado para dignificar a institución e agradeceu de xeito especial a

ilusión manifestada polo cambio e en concreto a "todas as mulleres que onte foron votar". Así mesmo salientou a paridade da representación de En Marea nas dúas Cámaras.



Total Galicia

PODEMOS / En Marea
ANOVA / EU



PARTIDO	ESCAÑOS	VOTOS	%
PP	10	605178	37.1 %
PODEMOS En Marea ANOVA-EU	6	408370	25.04 %
PSdeG-PSOE	6	347942	21.33 %
C's	1	147910	9.07 %

Por: Nemésio Barxa

Desconcerto

Comezo a dubidar entre se vivo num mundo virtual, num mundo real, um mundo de ficção um mundo desconectado da realidade ou uma realidade desconectada do mundo. Leo as enquisas sobre as próximas eleições e meu desconcerto resulta brutal, preocupante. Se levo mais de cuatro anos escoitando, e sufrindo, os problemas da crise, dos recortes, do copago farmaceutico, das rebaixas salariaes, dos despedimento, da perda de direitos sociais e politicos, da emigración, dos despejos, da pobreza infantil, do paro, da perda de ajudas sociais, da miseria, da fame, do latrocinio, da especulación... , como é posivel que as enquisas sobre as próximas eleições nos reflectam um 27% (mais ou menos) de votantes ao PP, partido que gestinou toda a debacle económica e social do último cuatrienio e partilhou a corrupção? E ainda mais, sendo a direita a principal responsable do empobrecimento económico e social do país como é posivel que as opções de direita (PP e Cd's, penso que esta última ainda mais facha, mas com rostro menos adusto) rondem o 50%?

Quantos ricos há no Estado espanhol? Ponhamos que um 8% e que com a crise aumentou o número (paradoxos, aumentou escasamente o número de ricos, mas também se incrementou de jeito desconforme o número de pobres); digamos que um 10 %; até o 45 ou 50% teriamos um 35/40% de votantes da direita que não som ricos e que ainda pertencendo alguns á chamada classe media viron-se duramente afectados pola crise; Claro que no Estado espanhol não há um 35% de classe meia e que deles os mais progressistas ou solidarios (que os há) votaram propostas de esquerda (alguns incluso ao PSOE que não soubo encarar o nascimento da crise). Então, a quem afectou a crise? Se o 50% do Estado vota PP e sua marca blanca Cd's e outro 20% vota PSOE, somos só um 25/30% os afectados com os recortes poiticos,

sociais e económicos? Asombroso.

A direita não só aproveita o trabalho dos menos afortunados e os carga com impostos dos que libera aos ricos, senão também rentabiliza seus votos para perpetuarse no poder e contínuar a exploração laboral, social, política e económica.

Quales som as causas determinantes de que os mais desfavorecidos da fortuna votem programas de direita? Sabemos porque votam a pessoas da direita... geralmente porque no fondo os admiram ainda que na tona os aborrezam; a relação é directa e pode proporcionarlhes trabalho, resolver algún problema; o problema é que as escasas possibilidades de educação que tenhem impedelhes analizar ou simplesmente consultar os programas eleitorais (ja de por sim chamados a ser incumplidos no mais solidario); só os governos de esquerdas tenhem priorizado o ensino, fronte aos recortes da direita e incluso a tibieza da socialdemocracia; manter ignorante á propulação é garantia de que seguriam as consignas de quem ostenta o poder, especialmente económico. Por isso a profissão de mestre fica tanto pouco prestigiada, por isso há escasa exigencia e medios para estudos e no ensino, por isso não se aborda defini9tivamente o fracaso escolar.

Choro polo entreguismo de um povo, o mais castigado pola crise, como o nosso que depositará de novo sua confiança numa direita cavernícola e colonizada que segue a privatizar e apropiarse, a chuchar leite e peixes (sevam como dous exemplos), entregaralhe confiança e identidade, perdendo confiança em si mesmo e nos seus.

Quinta do Limoeiro, nadal 2015



Desconcerto II

Anotação post-eleitoral.

Penso que sem ter publicado o anterior artigo de DESCONCERTO o complemento com este análise somero, e triste, das eleições. Chorava com o temor da subsimssão e entreguismo de um povo aos mandarin dos representantes do centralismo e da negação das liberdades nacionais; e tinha motivos.

Ao parecer um 28'72% do eleitorado no Estado (nada menos que 7.195.407 eleitores) não se sintem agredidos nem magoados nem afectados nem prejudicados polas políticas sociais e económicas do PP. Ou falamos de sete milhões de masoquistas, que outorgam sua confiança a Rajoy e ao Partudo Popular para que continue com a sua empobrecedora política social e económica. E também outro 22'02% (5.517.176) de eleitores esqueceu por completo que o inicio da crise no aspecto laboral procede do PSOE. Cerca da metade do eleitorado espanhol pensa que a solução fica na consolidação das politicas do PP ainda que uma parte, recuperando os avances sociais do PSOE.

Mais triste ver que este desolador panorama plasma-se igualmente no sentir político ou polo menos eleitoral de este nosso povo, da nação galega, agravado neste caso por uma renuncia á sua identidade e ao diferenciador sentimento de galeguidade. E no económico, alem dos recortes salariais, dos recortes em atenção sociais, a desfeita na nossa econmia, tanto no leite como na pesca no naval, etc., o expolio do patrimonio popular que representavam as Caixas de Aforros, que pola deplorable influencia da Xunta foi entregado a maos alheias.

Incrível que por A Corunha poda sair um diputado de C's, partido que no Concelho de Ferrol solicitou que se excluisse como idioma do Concelho o galego e que em Cee votou favoravelmente á proposta de um concelheiro do PSOE

no mesmo sentido; concita mais simpatias quem rejeita da nossa lingua nacional que os que defendemos a pervivencia e futo do idioma proprio.

Vejo com alegria como em Portugal, ainda que por escaso margem, ganhou a esquerda e ja se tomarom algumas medidas sociais por parte do governo do PS. Aquí nem a esquerda se entende e muito provavelmente o sumiso Rajoy (sumiso á Merkel) continue ao fronte do governo consolidando toda a sua política económica, sanitaria, do ensino e dos direitos e liberdades (se ainda fica alguma) ciudana.

Gostaria que polo menos todo o ocorrido (que de momento ja não tem remedio) nos servise de lição aos nacionalistas polos erros que pudemos ter cometido, mas também aos eleitores, afectados polas preferentes, polos despejos, polos tributos sobre o dinheiro ganho na emigración, pola falta de emprego, polos recortes da CE em pesca, etc. que contarom sempre com a colaboración e proximidade do BNG e que não parece em absoluto justo que agora lhe diam as costas nas urnas.

Nom imos dimitir da nossa responsabilidade porque como dicia Pepe Mujica (expreidente de Uruguay) "fuí aplastado, derrotado, pulverizado, pero sigo soñando que vale la pena luchar para que la gente pueda vivir un poco mejor y con un mayor sentido de la igualdad"; vale a pena continuar na luta, vale a pena manter a bandeira da solidariedade e da dignidade nacional. Triste foi a noite do 20D, mas tomando o final de um poema do grande poeta português Manuel Algre, "mesmo na noite mais triste/em tempo de servidão/há sempre alguém que resiste/há sempre alguém que diz não"

Vale a pena resistir, vale a pena dicir não ao entreguismo, ao colaboracionismo, ao avasalhamento. E continuar na luta.

Quinta do limoeiro, dezembro de 2.015

Especial Eleccións

Por: Nicolás Xamardo González

A primeira forza de Euskal Herria sul



Podemos-Ahal Dugu, con 397.783 votos e 7 escaños, é a primeira forza de Euskal Herria sul (Euskadi e Nafarroa) por diante do PNV, que acadou 6 en Euskadi. Gaña en Araba, en Gipuzkoa e é a segunda en Araba. En Nafarroa, onde os seus socios de goberno (Geroa Bai e EH Bildu) non conseguiron escano, conseguiu dous parlamentarios. O tsunami Podemos, como o cualifica o diario abertzale Gara, foi posíbel grazas aos votos de EH Bildu, que, nestas eleccións, perdeu unha terceira parte do seu electorado; pasando de 5 parlamentarios en 2011 a 2 nestes comicios.

O PSOE e o PP, cuarta e quinta forza respectivamente en Euskal Herria, aínda perdendo moitos votos e con menos que a terceira, EH Bildu, conseguiron 4 parlamentarios cada un en Euskal Herria. O PP, 2 en Euskadi e 2 en Nafarroa e o PSOE, 3 en Euskadi e 1 en Nafarroa.

Analicemos algunhas das posibles causas que están na base deste claro triunfo de Podemos-Ahal Dugu, en Euskal Herria.

En todo proceso, sempre hai dous tipos de causas: unhas externas e outras, as verdadeiramente importantes, internas a este.

Hai quen di que unha das razóns determinantes do paso de milleiros de votantes de EH Bildu a Podemos débese a que a moita xente, de esquerdas e abertzale, pensou que, por tratarse dunhas eleccións estatais, o voto útil debería ir a

un partido de ámbito estatal, progresista e respetuoso co feito diferencial vasco, capaz de facer fronte ao PP e á súa política antisocial e fortemente centralizadora.

Hai quen postula, dende a Esquerda Abertzale, seguindo o argumento anterior, que estas non son as nosas eleccións; outros din que chegou o novo tempo de facer política e de comunicala de outra maneira. Non falta quen afirma que van recuperarse e que para facelo están dispostos a traballar.

Afirmacións, dende EH Bildu, de que é obxectivamente probable que unha boa parte dese electorado poida voltar a optar por estas siglas nas próximas eleccións autonómicas, confirman o que acabamos de dicir das causas externas.

Tales argumentos non son máis que un intento de querer tapar as verdadeiras razóns, sempre internas (e sempre difíciles de asumir), e que son as únicas que axudan a explicar o acontecido.

O que ninguén, publicamente, di é onde están as verdadeiras causas desta desfeita. Por exemplo, que a Esquerda Abertzale foi prepotente e sectaria no asunto do lixo en Gipuzkoa; que non estivo nin está nos movementos contra os desafiuzamentos, contra a pobreza enerxética, na acollida e axuda aos inmigrantes, etc. En fin, que a política actual da Esquerda Abertzale é esencialmente insitucional e afastada da rúa.

Por: Pere-Albert Barrufet-Couñago

Qué volen fer amb Catalunya?

Aveure sí puc ser breu i precís. El propassat diumenge, 6 de desembre l'Ara,

aquest diari que juntament amb el PuntAvui, a Catalunya, i A Nova Peneira, Sermos Galiza i Luzes,

a Galiza, són els pocs mitjans que tinc de capçalera i referència, etc.

Doncs bé el propdit Ara publicà una portada que teniu il·lustrada a sobre, amb la següent pregunta :

QUÈ VOLEN FER AMB CATALUNYA ? Pregunta que trobo plena de contingut i original, la qual a mes de comentar penso capgirar com un mitjà i modificar lleument.

El que els nostres dominadors veïns de l'altiplà, volen fer amb Catalunya, no cal ser cap llumera per saber-ho.

Certa oligarquía radial ens vol continuar estimant amb aquella particular manera sado-masoquista " te mato, porque eres mía ", és a dir eternament sotmesa, violada, silenciada i blasmada. I llavors com denuncià el gran gallec Castelao, qual vaca munyida i explotada sense remei pels segles dels segles, etc. i etc.

Adés com he dit poc fa capgirant la susdita pregunta i interpretada sinó per tots nosaltres, almenys en singular per un servidor, us interpel·lo, per dir-vos i anunciar-vos : QUÈ PODEM FER AMB LES ESPANYES CASTELLANES ?

Doncs senzill, plantar-nos amb fermesa i seny, deixar les discussions bizantines o gregues, de sí o no junts pel sí, de cups i cupaires, i altres comunes amenitats de

domènecs i colaus, de psc desnortats i a la deriva, de tàctiques, demores polítiques, de manifestos populars i socials que la Forcades monja i l'Arcadi, m'haurien d'explicar, de revolucions a la Trostky, amb guillotines parades a la Seu Vella de Lleida, promptes a executar. Tota una gamma de raons que cal enraonar, discutir i respectar, segur que sí, que no denosto. Prou que m'agraden.


Ara bé el temps passa i la política i els pobles tenen el seu " tempo ", que s'ha de saber visualitzar, interpretar i executar.

I ara nosaltres hem de proclamar la Independència, sense excloure a ningú, dones i homes, ha d'ésser universal, pacífica, tolerant, multicultural, on el català i l'occità, han de ser llengües oficials, amb el castellà cooficial - no faltaria més -, i l'anglès també.

Per això vull i em sembla oportú que la República ha de ser Confederal i Catalana, pensant també amb els germans dels Països Catalans, els quals benentès sí a ells plau, és puguin integrar en la mateixa sense presses el dia de demà.


Sense oblidar els nostres veïns de delà de la franjolina Fraga, als quals des d'ara i sempre els oferim un veïnatge amical, sa i dialogant. El qual per cert encara tenim verge, atès que mai hem tingut ocasió d'estrenar, vull dir el veïnatge. Tot esperant que avui els déus de l'olimp a Sabadell, deixaran caure una aura de saber, cordura i catalanitat, us saludo amb preocupació i esperança.

Total Euskadi



PARTIDO	ESCAÑOS	VOTOS	%
PNV	6	301585	24.75 %
PODEMOS	5	316441	25.97 %
PSE-EE	3	161466	13.25 %
EH Bildu	2	183611	15.07 %
PP	2	141556	11.62 %

Total Cataluña



PARTIDO	ESCAÑOS	VOTOS	%
EN COMÚ	12	927940	24.74 %
ERC-CATSI	9	599289	15.98 %
PSC	8	589021	15.7 %
DL	8	565501	15.08 %
C's	5	489503	13.05 %
PP	5	417286	11.12 %

Redacción de LUGO

En Marea estréase con forza na provincia de Lugo

O Partido Popular foi o partido máis votado na provincia de Lugo o domingo 20 de decembro tras obter o 42,51% dos votos. Aínda así, quedou con dous escaños no Congreso, un menos dos conseguidos en 2011. A

Senadores electos



Sandra Vázquez (PP) estrease na Cámara Alta. Nada en 1986 en Vilalba, donde é concelleira, licenciouse en Administración e Dirección de Empresas.




Dámaso López (PP) tamén foi senador no último mandato. Naceu en Lugo en 1951 e é licenciado en Medicina.



Xosé Manuel Barreiro (PP) repite na Cámara Alta, onde foi portavoz dos populares na pasada lexislatura. É licenciado en Ciencias Económicas e preside el PP provincial de Lugo.



Ricardo Varela (PSOE), lucense de 1955, foi concelleiro de Traballo durante a etapa do bipartito e deputado autonómico entre 2001 e 2011, cuando abandonou o Parlamento para ir ao Senado. Foi secretario de Organización dos socialistas galegos.



tamén irrompe con decisión e pasa a ser en Vilalba e Guitiriz o terceiro partido máis votado. Nestas vilas o PP sofre unha notoria baixada e os socialistas logran manterse con respecto ás pasadas eleccións xerais. En canto a Sarria, En Marea impónse como terceira opción con 1.426 votos e os populares e socialistas sofren unha notoria baixada. O Bloque tamén é o principal perdedor: baixa 387 votos con respecto aos anteriores comicios. En Viveiro tamén se impón En Marea como terceira forza con 2.102 votos. O PP é a forza máis votada aínda que tamén baixa con

forza En Marea provocou que un dos asentos vaia a parar a mans da formación de confluencia de varios partidos de esquerdas, á que apoiaron un 19,25% dos votantes lucenses. O PSOE fíxose co 24% dos votos e mantivo o escano que lograra en 2011. Nin Cidadáns (7,6%) nin Nós (3,5%) sacaron representación na provincia. O PP perde un deputado que gaña precisamente En Marea, liderada polo escritor Miguel Anxo Fernán-Vello; na capital lucense é a segunda opción máis votada, igual que noutra media dúcia de municipios. En Marea pasa a ser a terceira opción con máis apoio en prazas como Monforte, onde a nova formación consegue 2.426 papeletas imponéndose ao BNG que sofre unha derrota con respecto aos pasados comicios. Perde 1.137 votos e cae á quinta posición. En Marea

Deputados electos



Joaquín García Díez (PP)



Jaime de Olano Vela (PP)



Margarita Pérez Herráez (PSOE)



Miguel A. Fernán-Vello (En Marea)

Convenio para garantir a continuidade dos Grupos de Emerxencia

A vicevoceira do goberno provincial, Pilar García Porto, informou que a xunta de Goberno viña de aprobar o convenio das catro deputacións galegas, a Fegamp e a Xunta de Galicia para a continuidade dos Grupos de Emerxencia Supramunicipal (GES) durante o período 2016-2018. Tal e como establece o convenio, os GES están financiados nun 60% pola administración autonómica, nun 20% polos organismos provinciais e noutro 20% polos municipios. "A Deputación de Lugo xa ten comprometida unha partida de 350.000 euros para a continuidade desta prestación os vindeiros

3 anos. Isto permitirá o mantemento de 80 postos de emprego, os dos traballadores dos 7 grupos que se sitúan na Fonsagrada, Becerreá, A Pontenova, Monterroso, Cervo, Folgoso do Courel e Quiroga", destacou García Porto. A xunta de Goberno aprobou unha colaboración de 100.000 euros da Deputación coa Universidade de Santiago de Compostela, para continuar co Plan de Impulso do Campus de Lugo. García Porto informou que se acordou achegar este orzamento ao desenvolvemento de 5 liñas do protocolo de actuación do organismo provincial e a USC en impulso do Campus lugués. As liñas son: Plan de captación de

estudantes doutras nacionalidades; desenvolvemento dun plan de apoio para as prácticas de campo; impulso da docencia semipresencial ou a distancia me-

dante a implantación de novas tecnoloxías; impulso da divulgación científica e a captación de novos talentos e análise das infraestruturas deportivas e docen-

tes. A xunta de Goberno aprobou tamén outros 10 expedientes que resultaron beneficiados doutras tantas bolsas da Deputación, coas que se lle custean os gastos da matrícula no Campus de Lugo. Son concretamente 6 mellores expedientes de BAC que iniciaron en 2015 os seus estudos na USC en Lugo, e 4 mellores expedientes de Grao que están un cursar Máster tamén no Campus lugués. A Deputación aprobou a resolución de 15 novas empresas e asociacións que ofrecen 17 postos de traballo na provincia de Lugo, a través do Ben Empregado. Estas empresas son agora beneficiarias logo de que outras tantas empresas presentaran as renuncias.



Especial Eleccións

Redacción de OURENSE

O PP arrasa no rural e En Marea é a segunda forza na capital

Os populares gañaron en 84 dos 92 concellos da provincia. Así, en 55 concellos o apoio ao PP superou o 50 % e en 26, o 60 %. Destacan Avión (82,5 %) e Beariz (83,03 %). Os socialistas foron a forza máis votada en sete concellos (Calvos de

Randín, Carballeda de Avia, Castro do Val, Entrimo, A Mezquita, Parada de Sil e Petín). Ademais lograron manter a súa representación por Ourense no Congreso e o Senado. Desde a dirección local falan abertamente de boicot por parte de membros da exe-



cutiva provincial e da propia candidatura, en concreto os afíns ao exlíder Pachi Vázquez.

Así se explican a vitoria de En Marea na capital e, sobre todo, o escrutinio do Senado,

no que a número dous estivo a piques de superar en apoios ao cabeza de lista. Xa o prevían porque, segundo transcendeu, o secretario de Organización local, Pablo López Vidal, chegou a atopar nunha sede socialista unha caixa chea de papeletas co nome sen marcar de Luís García Mañá, imposto por Besteiro fronte a Teresa Taboada, elixida maioritariamente polos militantes.

Para En Marea, os resultados foron especialmente positivos na capital, onde se converteron na segunda forza. A lista de Podemos, Anova e Esquerda Unida só logrou superar ao PSOE na cidade, en Manzaneda, na Teixeira e en Beade, onde esa posición lográrona por moi poucos votos e nun escenario onde o PP arrasou e o resto de forzas resultaron ser marxinais. Na capital os resultados foron positivos en todos os barrios, pero especialmente na Ponte, tradicionalmente feudo do PSOE.

O nacionalismo non perdía en Allariz desde 1986. Nas eleccións de 1989 comezou a hegemonía do Bloque na vila. A fronte gañou alí en todas as xerais desde entón, pero desta volta non foi así. O PP é a primeira forza en Allariz e o único municipio da provincia onde venceu o BNG é Vilar de Santos, onde é alcalde Xan Jardón, de Compromiso por Galicia, apoiou á lista patrocinada pola fronte: Nós-Candidatura Galega.

Polo que respecta a Cidadáns, a estreia foi discreta en comparación con outros territorios, pero lograron superar aos nacionalistas. Con todo, non pasaron de ser cuarta forza en ningún municipio ourensán.

Senadores electos



Edelmira BarreiraDiz (PP) é licenciada en Ciencias Políticas e exerceu como directora do gabinete adxunto da vicepresidenta do Goberno, Soraya Sáenz de Santamaría.



Francisco José Fernández Pérez (PP), alcalde de Leiro desde 1995, tamén volve a conseguir un acta de senador. Deputado provincial en distintas etapas, ten 56 anos e é licenciado en Farmacia.



Carmen Leyte (PP) repite como senadora, e ten acta desde de 2008. Licenciada en Medicina, é alcaldesa de Cartelle desde 1991.



Luís García-Mañá (PSOE). Licenciado en Dereito, este ourensán nado en 1950, na actualidade xubilado, foi xefe superior da Policía en Galicia entre 2004 y 2012.

Deputados electos



Miguel Ángel Viso (PP)



Celso Delgado Arce (PP)



Rocío de Frutos (PSOE)



David Bruzos (En Marea)



Especial Eleccións

Redacción de A CORUÑA

Deputados electos



Miguel Lorenzo (PP)



Marta González (PP)



J.M. Juncal Rguez. (PP)



Antón Gómez (En Marea)



Yolanda Díaz (En Marea)



Pilar Cancela (PSdeG)



Ricardo García (PSdeG)



Antonio Rodríguez (C's)

PARTIDO	ESCAÑOS	VOTOS	%
PP	3	237837	35.49 %
PODEMOS			
En Marea-ANOVA-EU	2	176625	26.35 %
PSdeG-PSOE	2	136931	20.43 %
C's	1	66395	9.91 %

Senadores electos



Paula Prado (PP)




María Aparicio (PP)



José Luis Torres (PP)



José M. García (En Marea)



Redacción de PONTEVEDRA

Deputados electos



Ana Pastor (PP)



Irene Garrido (PP)



Pilar Rojo (PP)



Alexandra Fdez. (En Marea)



Ángela Rguez. (En Marea)




Dolores Galovart (PSdeG)



Guillermo Meijón (PSdeG)



PARTIDO	ESCAÑOS	VOTOS	%
PP	3	195802	34.46 %
PODEMOS			
En Marea-ANOVA-EU	2	158824	27.95 %
PSdeG-PSOE	2	118300	20.82 %
C's	0	51149	9 %



Senadores electos



Marta Lucio (PP)



Miguel Fidalgo (PP)



José Crespo (PP)



María Vanessa (En Marea)

FESTA DOS FACHÓS 2016

19 xaneiro ás **19,30** horas



CHOURIZOS, PAN, VIÑO E QUEIMADA

Venta de tickets (2 euros) no Concello 988 20 30 00



**CONCELLO
DE CASTRO CALDELAS**

Redacción de A CORUÑA

A Xunta de Goberno Local aproba as tarifas de bus para o 2016

Xunta de Goberno Local aprobou as tarifas do Transporte Urbano Colectivo de Viaxeiros para o ano 2016, sen que se rexistre incremento algún con respecto ás aplicadas durante este 2015. O regulamento deste servizo recolle que a concesionaria pode solicitar a revisión dos prezos que correspondan anualmente. Non obstante, o Concello propuxo “manter para o exercicio 2016 as tarifas aprobadas para o ano 2015, axustándose na medida do posible o seu importe ao poder adquisitivo dos e das usuarias co obxecto de fomentar o uso do transporte público”. Desta forma, a Xunta de Goberno Local deu luz verde as tarifas de Transporte Ur-

bano Colectivo de Viaxeiros para o 2016 sen incremento algún respecto das aplicadas durante 2015, fixando o prezo do billete ordinario en 1,30 euros, ademais das aportacións do Concello, os e as usuarias e á Universidade aos distintos billetes, en concreto, a Tarxeta Xeral, a Tarxeta Social e a Tarxeta Universitaria, que manterán tamén o seu prezo.

En concreto, os e as usuarias da Tarxeta Xeral aboarán 0,85 euros por traxecto (aboando o Concello 0,45 euros) mentres que na Tarxeta Social, os e as viaxeiras pagarán 0,33 euros, mentres que a Administración local aportará 0,97 euros. A Tarxeta Universitaria tamén manterá o seu prezo. Así, nas primeiras 188 viaxes, o Concello aboará 0,52 euros, fronte aos 30 céntimos dos e das estudantes. No resto de viaxes, a aportación será de 0,45 e 0,85 euros respectivamente. En ambos os dous casos, o importe a aboar por parte da Universidade da Coruña (UDC) será de 0,48 céntimos.

A Xunta de Goberno tamén aprobou o proxecto de mellora da eficiencia enerxética do alumado público da Ronda de Nelle.



Xuntanza en Sada dos alcaldes da Area Metropolitana



O alcalde da Coruña reuniuse en Cambre cos rexedores de Oleiros, Bergondo, Abegondo, Betanzos, Sada, Arteixo e o propio Cambre, así como co voceiro de Culleredo, para abordar o futuro da Vía Ártabra. Puxeron enriba da mesa a proposta dos concellos para a conexión desta infraestrutura coa AP9 dun xeito alternativo ao plan da Xunta subscribindo a necesidade de que esa conexión estea “libre de peaxes”.

O alcalde destacou que a proposta dos al-

caldes “é mais barata para o erario público e para a cidadanía, porque está libre de peaxe”. “O que lle estamos pedindo á Xunta é que se cuantifique e se poñan enriba da mesa as dúas solucións para saber se compensa a que nós propoñemos; que se analicen as dúas posibilidades, así teremos aberto o camiño para conectar nun futuro a vía coa A6”, sinalou Ferreiro, quen coincidiu cos seus homólogos en ver “prioritario” o inicio da obra en Catro Camiños (Cambre).

Xuntanza coa Asociación Galega de Deseñadores (DAG)



Encontro que o concelleiro de Culturas, Deporte e Coñecemento, José Manuel Sande, mantivo hoxe con representantes da Asociación Galega de Deseñadores (DAG): Suso Vázquez Gómez (presidente), Raquel Boo Anderson (vogal), Marcos Dopico Castro (vogal) e Cibrán Rico López (vogal).

A xuntanza tiña como obxectivo analizar as boas prácticas na contratación de servizos de deseño por parte do Concello da Coruña e reforzar o carácter especializado do seu traballo. O concelleiro amosou a súa vontade de colaboración co tecido profesional da cidade.

Balbino no Belén: homenaxe a Neira Vilas

O Belén situado na pranta baixa do Pazo de María Pita conta dende hoxe cunha nova figura: a de Balbino, o protagonista da obra 'Memorias dun neno labrego', coa que o Concello rende homenaxe ao escritor Xosé Neira Vilas, falecido recentemente.

Recordamos que o Belén pode visitarse até o día 6 de xaneiro, en horario de 12.00 a 14.00 horas da mañá e de 19.00 á 21.00 horas da tarde. Non obstante, permanecerá pechado os días 24, 25 e 31 de decembro, así como o 1 de xaneiro e durante a mañá do día 6.



FIN DE CICLO?



Galicia

Redacción de SANTIAGO DE COMPOSTELA

Santiago: 30 anos como cidade Patrimonio da Humanidade



Un acto organizado polo Concello no Centro Galego de Arte Contemporánea lembráronse os logros acadados por Compostela ao longo destes trinta anos como Cidade Patrimonio da UNESCO e os retos que ten por diante para seguir sendo un referente das urbes con historia.

“Santiago no corazón. Os corazóns de Compostela” é o lema co que o Concello de Santiago celebrou o 30 aniversario da declaración da cidade como Patrimonio da Humanidade por parte da UNESCO, co obxectivo de aprender da historia, destes anos de experiencia acumulada para coller impulso e considerar novos enfoques para desenvolver un novo plan especial de protección e desenvolvemento da urbe.

A cerimonia desenvolveuse no Centro Galego de Arte Contemporánea e estivo amenizada polo alumnado da Escola Municipal de Música e nela interviñeron os voceiros dos catro grupos municipais que reflexionaron sobre o que supuxo a declaración e sobre os logros acadados nestes trinta anos, amais do que queda por facer de cara ao futuro. A conmemoración tivo como protagonista especial a Xerardo Estévez, quen era o rexedor compostelán no ano da declaración, en 1985, e quen pronunciou unha conferencia baixo o título

“Cidade histórica e Camiño, un mesmo porvir”.

Durante o acto, o alcalde de Santiago, Martiño Noriega, repasou a historia da cidade e o seu papel como “xénese da identidade colectiva europea” e lembrou as oportunidades que supuxo o nomeamento da capital de Galicia como cidade patrimonio da UNESCO, tal é o caso da posta en marcha do Consorcio de Santiago, o desenvolvemento do Plan Especial da Cidade Vella ou a inclusión no Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade. Ademais, salientou a importancia de conservar a riqueza patrimonial de Compostela, sentar as bases da cidade vella e construír colectivamente o respecto polo pasado para “buscar un novo xeito de facer as cousas que se centre nas persoas, nas súas necesidades, nas súas opinións, no seu benestar” e referiuse á necesidade de que Compostela supere “esa visión exclusivamente museística” e de reflexionar “sobre a nosa cidade como punto e destino de millóns de persoas”. O alcalde compostelán convidou á cidadanía a achegar ideas para deseñar o novo Plan Especial que marcará as estratexias da urbe para as próximas décadas.

Por: Rocío Pereira

Compostela lembra os “Seis poemas galegos” de Federico García Lorca

O poeta e dramaturgo granadino escribiu seis composicións en galego, animado e axudado por Ernesto Guerra da Cal e Eduardo Blanco Amor. O Concello de Santiago, coincidindo coa celebración dos oitenta primeiros anos da publicación, organizou un acto literario de conmemoración da data no que representantes de entidades culturais da cidade e o músico Narf leron os versos de Lorca.

O Concello de Santiago foi o responsable da organización do acto de conmemoración do 80 aniversario da edición dos “Seis poemas galegos” do dramaturgo granadino que foron lembrados na rúa do Vilar nas voces de María Antonia Pérez, da asociación O Galo; Mauro Senín de aCentral Folque; Iria Sobrado, da asociación cultural San Martiño Pinario; ChemaDíaz, da asociación cultural Cidade Vella e Fran Pérez, Narf, que musicou a máis coñecida das composicións: “Madrigal á cibdá de Santiago”, nunha versión estreada para o evento. Este foi o primeiro dos poemas que compuxo Lorca, ao que seguiron “Romaxe da Nosa Señora da Barca”, “Cantiga do neno da tenda”, “Noiturnio do adolescente morto”, “Canzón de cuna para Rosalía Castro, morta” e “Danza da lúa en Santiago”.

O acto desenvolveuse na rúa do Vilar, na antiga sede da editorial Nós, a responsable da publicación do poemario, para lembrar as

seis composicións en galego que Federico García Lorca elaborou coa axuda de Ernesto Guerra da Cal e de Eduardo Blanco-Amor, quen asina o prólogo e quen data a edición no 27 de decembro do ano 1935.

Joel Gómez, investigador do grupo Galabra da Universidade de Santiago explicou durante o acto que a xénese dos poemas fora un enigma durante 50 anos, ata que despois da morte de Blanco Amor se divulgaron os materiais nos que se baseou a publicación, realizada pola editorial Nós, de Ánxel Casal, editor e alcalde galeguista de Santiago, fusilado polos franquistas o mesmo día no que Lorca foi asasinado. Federico García Lorca viaxara a Galicia en 1912 e 1932 e, segundo relatou o investigador, logo de coñecer a Catedral, a néboa nocturna, a Quintana, á que bautizou como praza-butaca e que serviu como espazo poético aos versos de Danza da lúa en Santiago. En 1934, Lorca viaxou a Bos Aires e Montevideo onde se inspirou nos emigrantes galegos para escribir Cantiga do neno da tenda. Ao seu regreso a Granada, Blanco Amor insístele na publicación dos textos, volve a Madrid e decide rematalos coa axuda de Guerra da Cal, que sería quen lle suxeriu que os escribira en galego e non en castelán como era a súa primeira intención.

Por: Rocío Pereira



Plataforma emigrantes Compostela

A Plataforma de Santiago de Compostela, á súa volta de Bruxelas, onde participou co resto dunha Comisión da Coordinadora Nacional Galega de Emigrantes Retornados, (CNGRE) tiña xá convocada a concentración na Facenda de Compostela para continuar coa súa principal vía de presión e que atendan as nosas xustas reivindicacións este Goberno ou o

que saia das vindeiras eleccións e que pare coa estafa a que nos teñen sometidos a mulleres e homes ao noso retorno a Galiza. Aquí e en Bruxelas loitamos con dignidade polos nosos dereitos, porque o roubo non entende de idades e por iso lamentamos que persoas como Sr. Bascoi camiño dos 89 anos e mai-lo compañeiro Sr. Fuentes con 85 nos teñan que acompañar nesta loita.

Redacción de OURENSE

Os socialistas denuncian as subvencións que fai a Deputación a concellos e entidades afíns ao PP

O Grupo provincial Socialista vén de comprobar como nos derradeiros dous meses, dende a Presidencia da Deputación foron concedidos un total de 1.330.214,11 euros en concepto de subvencións nominativas a concellos e entidades afíns ao Partido Popular



■ Sesión plenaria na Deputación de Ourense.

Estas subvencións só representan ás aprobadas en Xunta de Goberno da Deputación, existindo moitas máis, aprobadas por outras vías polo Goberno provincial, das que o Grupo provincial Socialista, dará conta, pormenorizadamente, en vindeiras ocasións. Polo que o montante total, en subvencións directas, ascende a moito máis do 1.330.000 euros. Na listaxe, dun total de 51 actuacións, tan só catro delas foron concedidas a concellos gobernados por outras formacións e 8 a entidades inde-

pendentes; do resto, nada novo baixo o sol: concesión tras concesión aos gobernos do PP na provincia ata acadar a escandalosa cifra sinalada. Dende o Grupo provincial Socialista, “reiteramos o que viñemos defendendo sempre, que se poden conceder axudas ou subvencións de xeito urxente, sempre que estean xustificadas polas necesidades; pero neste caso, unha vez analizadas, están concedidas sen ningún criterio. De feito, moitas das actuacións subvencionadas son, exactamente, iguais ás que preci-

san outros moitos concellos ou entidades, tales coma arranxos de camiños municipais ou reformas de velorios”. Polo tanto, dín os socialistas, “o señor Baltar, a pesar de ir de adalid da modernidade e da vangarda, non é máis que un remedo do seu antecesor no cargo e mesmo o está a facer bo a éste último. Dende o noso grupo sempre defendemos que unha certa urxencia nalgúns cuestións que afectan ás entidades locais, son dignas de seren atendidas, pero con José M. Baltar blanco, a excepción converteuse en norma. Ao adicar case o 100% das subvencións nominativas que concede en actuacións en concellos gobernados polo Partido Popular ou entidades afíns, o que nos dan a entender é que non se trata de necesidades urxentes en absoluto senón máis ben de necesidades electoralistas urxentes do Partido Popular”. “A ninguén se lle escapa que os 1.330.000 euros foron concedidos nos dous meses previos ás eleccións xerais do 20 de decembro, polo tanto, consideramos que o señor Baltar, que xa non debería seguir sendo o presidente da Deputación polo encándalo no que se viu envolto, fai un uso electoralista e interesado dos cartos pú-

blicos de todos e todas nós”. Asemade, hai que contar cunha agravante neste caso. En breve, o Goberno da Deputación sacará o plan estratéxico de actuación provincial, plan que, por sistema, non se vén cumprindo; pero antes de facelo público, xa lle vai dando subvencións aos máis afíns ao baltarismo. A intención do presidente, polo tanto, parece que é a de que os concellos menos afíns á súa ideoloxía, recollan as faragullas do que non gastou previamente nas subvencións nominativas que repartiu entre os amigos, e pretende que se acollan

ao Plan Estratéxico baixo o mesmo criterio que aos que xa lles foi concedida unha subvención (ou varias), polo que serán beneficiados dobremente. O Grupo Socialista considera “este tipo de actitudes e actuacións, unha tomadura de pelo á cidadanía e ao resto dos concellos que tamén teñen necesidades pero non lles son tomadas en conta. Esiximos ao presidente da Deputación que deixe de rirse da provincia e trate a todos os seus habitantes por igual, con criterio e sen preferencias, favoritismos nin oportunismos electorais”.



■ Sede da Deputación na rúa Progreso de Ourense.

Xornadas de Razas Autóctonas Españolas

Celebráronse en Ourense as “X Xornadas de Razas Autóctonas Españolas”, inauguradas no Centro Cultural “Marcos Valcárcel” polo presidente do Inorde, Rosendo Fernández.

Asistiron o presidente da Federación de Razas Autóctonas Españolas, José Manuel González Lamelas; o director do Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia, Castor J. Rivero Martínez e de Federapes, J. Ramón Justo Feijoo. Rosendo Fernández destacou o labor que realiza o Inorde con respecto á recuperación das razas autóctonas dende hai máis de 15 anos concretamente co porco celta, coa ovella galega, coa galiña de Mos e coa cabra galega con dous obxectivos “para manter o rabaño co maior número de liñas xenéticas para asegurar a súa viabilidade dos rabaños fundacionais e para contribuír ao desenvolvemento destas razas mediante a venta ou a cesión dos animais

aos gandeiros para aumentar o número de animais e as explotacións das distintas razas”. Rosendo Fernández asegurou que ao longo destes anos entregáronse “máis de 900 animais entre ovino e porcino e unhas 6.000 galiñas de Mos” e engadiu “para o período 2016-2020 o Inorde ten previsto a posta en marcha do proxecto da Granxa Escola de Armariño”. José Manuel González puxo de manifesto “o alto contido científico” destas xornadas e que as súas conclusións axudarán aos asistentes a “afrontar os retos diarios nun sector tan competitivo como é o noso, onde a calidade e a diferenciación son as estratexias a seguir e como obxectivo final é a defensa e promoción das nosas razas autóctonas”.

Visitas e ponencias

As xornadas incluíron unha visita guiada a pé pola cidade de Ourense durante dúas horas e outra ás Termas da Chavasqueira e Outariz. Os participantes asistiron a distintas ponencias como “As razas autóctonas nos programas de desenvolvemento rural das comunidades autónomas”; “Programas de cooperación e innovación 2014/2020 e as asociacións de razas autóctonas” e “Grupos operativos de ámbito nacional e programas de innovación. Oportunidades para criadores e asociacións de razas autóctonas”. Asemade foi presentado o proxecto “Bestiarum. Pasado, presente e futuro”, polo fotógrafo José Barea. Na mesa redonda interviron expertos do sector gan-

deiro para abordar a “aplicación práctica do logotipo Raza Autóctona e de comercialización directa dos nosos gandeiros”. Pola súa banda, Castor J. Rivero dese-

xou aos asistentes que este “intercambio de coñecemento e experiencias sirvan para apuntalar o mantemento e desenvolvemento destas razas”.



■ As xornadas tiveron un alto contido científico, segundo o xerente do Inorde.

Galicia

Redacción de LUGO

Doade e O Cebreiro terán unha réplica de grúa romana



■ A réplica dunha grúa romana instalouse xa en Doade (Sober).

A asociación “Amigos do restaurante aCantina de Doade”, (Sober) concluíu os traballos do instalación dunha grúa romana -Magna rola- ou polipasto que utilizaban os romanos para subir grandes pesos. “De feito, e a partir do século IV, foi utilizada para subir as uvas nas abruptas abas ou ladeiras de

Doade-Amandi” indica o empresario local Antonio Rodríguez. Esta réplica, deseñada polo artista e escultor Antón Pereiras Penabad, cuxas obras no Arde Lucus son expostas todos os anos pola III Cohors Lucensium, foi instalada nos arredores do restaurante aCantina de Doade, “que así quere contribuír á posta en valor

da historia rural destas terras de Doade-Amandi, berce da denominación de orixe Ribeira Sacra” sinala Antonio Rodríguez. Existe outro modelo igual, a Gemina I, que tamén será instalada en O Cebreiro e desta forma unir a montaña lucense coa zona da ribeira, ambos os espazos cheos de historia milenaria. A Gemina II e Ge-

mina I serán inauguradas oficialmente pola III Cohors Lucensium, con máis de 50 lexionarios, nun acto que está programado para a próxima primavera. Sostén Antonio Rodríguez que a inauguración “revestirá un cadro histórico en honra a aqueles heroes anónimos que fixeron destas ladeiras do

Canón do Sil un espazo singular para a oración, contemplación e mística ao mesmo tempo que contribuíron ao desenvolvemento dos enosentidos (en termos actuais) pois dalgunha maneira contribuíron ao impulso do desenvolvemento da viticultura heroica pasado o primeiro milenio”.



■ Antonio Pereiras Penabad coa grúa de O Cebreiro.

A Deputación garante a rede pública de residencias e centros de día

A Deputación garante a rede pública de residencias e centros de día co novo consello de administración de Suplusa. Pois o grupo provincial socialista, promotor deste proxecto, mantén a presidencia do órgano e, polo tanto, o voto de calidade do presidente.

O grupo provincial popular, que reiteradamente votou en contra dos centros para maiores, como é o caso do de Guitiriz na Casa da Botica, así como que a Xunta concerte prazas públicas, non conseguiu a maioría que buscaba. “É un resultado moi satisfactorio”, destacou García Porto. Darío Campos Conde foi nomeado presidente deste órgano, por unanimidade. Co obxectivo de que todos os deputados tivesen representación no consello de administración de Suplusa, Campos Conde propuxo que o deputado non adscrito, Manuel Martínez, formase parte do mesmo. Esta proposta foi aprobada por unanimidade. Xunto con Martínez, os representantes dos 3 grupos políticos nomeados son Pilar García Porto (PSOE); Xosé Ferreiro (BNG) e Elena Candia (PP). Polo tanto, 5 deputados son os que foron directamente nomeados. Posteriormente co obxectivo de garantir a gobernabilidade de Suplusa e acadar acordos que permitan a continuidade da rede pública de centros

para a terceira idade, Campos Conde propuxo que Manuel Martínez fose o vicepresidente deste órgano, pois este deputado, a diferenza do PP, nunca se opuxo a ningún dos centros que contempla este proxecto. A proposta saíu adiante cos votos en contra do BNG. A este respecto, a vicevoceira provincial socialista, Pilar García Porto, explicou que “é importante entender que temos que cambiar as fórmulas para garantir

a gobernabilidade deste Executivo provincial e acordos cos que continuar os proxectos que iniciamos en mandatos anteriores e que ratificaron os lucenses. Temos que ser responsables e ter altura de miras”. Preguntada sobre o “esperpento” que apunta o Partido Popular, García Porto apuntou “o PP vén á Deputación a facer películas e escenas. Nós a gobernar e a traballar. E nisto estamos e estaremos. Non vamos a entrar no seu

circo mediático”. O voceiro provincial do BNG, Xosé Ferreiro explicou que “entendemos que o presidente busque chegar a acordos e defendemos que, dada a nova situación política da Deputación, hai que buscar puntos de entendementos para levar a cabo os proxectos que temos en marcha. Con todo, en base a proporcionalidade, non podemos votar a favor de que un deputado non adscrito sexa o vicepresidente, ao igual que tam-

pouco o debería ser un membro do BNG, pois somos 2 deputados”.

Sen proporcionalidade

Son 4 os membros do consello de administración que se elixen entre os 25 deputados da corporación provincial. Non se cumpriu coa proporcionalidade que todos os deputados din defender, porque os 12 do Partido Popular e o non adscrito impuxeron que fosen 1 do PSOE e 3 do PP, descartando, polo tanto, a proporcionalidade de 2 do PSOE e 2 do PP, que propuxeron os restantes deputados. Os membros elixidos resultaron ser: María Loureiro (PSOE); José Ulla (PP); José Antonio García (PP) e Manuel González Capón (PP). Ao respecto, Xosé Ferreiro apuntou que “hoxe 13 deputados alteraron a proporcionalidade que durante tempo, en todos os plenos, dixeron defender. É evidente, que empregan argumentos de xeito demagógico. Imaxínense o que farían no caso de xestionar cartos públicos”.



■ O presidente da Deputación será tamén presidente do consello de administración de Suplusa.

Carta galaico lusitana no Asador's Jose de Riós

Por: Jesús Losada

Asador's Jose, de Riós, é un restaurante singular na provincia de Ourense. O seu prestixio acrecentouse despois de recibir o Prato de Ouro que lle outorgou Radio Turismo na última celebración de Xantar, en Expourense. A denominada "carta galaico lusitana" inclúe a empanada de dúas alturas con distintos ingredientes: carne, peixe, froita, marisco, verduras... A parrillada de carne leva boi angus, ibéricas, exóticas, cordeiro, cochinillo, tenreira ecolóxica e pito. Tamén hai

parrillada de queixos e outras de verduras. Á brasa preséntanse tamén a tenreira galega e a ecolóxica, porco ibérico, boi angus, pito de curral e cochinillo lechal. Do mar galego procede cada día o peixe e o marisco: rape, rodaballo, ollomol, linguado; bogavante, centolla, nécora, percebe e ostra.



■ O Asador está a 80 quilómetros de Ourense, 15 de Verín e A Gudiña e a 35 de Chaves.



■ J. Manuel Barrio Blanco co Prato de Ouro que lle concedeu Radio Turismo.

En Asador's Jose ofrece a opción de que cada cal prepare na mesa carnes á pedra: solombo, entrecot, picaña, carne de caza, ibérica e as exóticas: crocodilo, canguro, bisonte, búfalo, camelo, avestruz, jirafa, culebra pitón e poldro.

Os botelleros refrigerados conteñen 110 variedades de xenebra, 40 de guisqui, 50 de vodka e outros tantos de ron. A adega ofrece viños de varias denominacións de orixe



■ No recente Nadal o establecemento estivo engalanado para a ocasión.

Cocineros de curriculum intachable con experiencia en Restaurantes Estrella Michelin

Nueva carta Galaico-Lusa

La novedad del Asador's Jose

ASADOR'S JOSE RESTAURANTE

En Riós a 8 min. de Verín

Lusitana

Galaica

Carnes exóticas a la brasa: cocodrilo, canguro, avestruz, camello, bisonte, búfalo, cebra, mu, caballo, potro. **Novedad:** culebra pitón, jirafa, tortuga y llama.

Los mejores platos de la cocina Portuguesa

Conocer y probar los sabores de Portugal, con recetas tradicionales hechas con arte contemporáneo

La cocina moderna mas cautivadora de Portugal

A-52, Salida 143 Riós, Ourense

Tlf: 988 42 52 67 647 93 31 73

podrá saborear lo mejor de la cocina Portuguesa y Gallega

Galicia

Redacción de OURENSE

A Valedora do Pobo admite a queixa do PSOE pola restricción de acceso aos Plenos na Deputación

Na comisión de Transparencia celebrada o 22 de decembro na Deputación, o grupo de goberno, anunciou que se vai a modificar o regulamento orgánico para establecer as normas de acceso aos Plenos por parte dos veciños e veciñas; tal e como lle foi solicitado polo Grupo Provincial Socialista, dado que o actual regulamento non prevé ningunha norma e polo tanto, o presidente da Deputación pode actuar con total discrecionalidade e coartar a liberdade de acceso aos Plenos, en función das súas preferencias persoais. De todos os xeitos, o Grupo Provincial Socialista, denuncia que nesta proposta, o Partido Popular se da un prazo de dous meses para modificar o regulamento e, namentras, seguen restrinxindo a liberdade de acceso a un dereito fundamental da cidadanía, posto que, recordan, os Plenos deben ser públicos. Da mesma maneira, os socialistas, viron recoñecidas as súas queixas, elevadas á defensora dos dereitos do pobo galego, posto que, Milagros Otero, recoñece a validez da súas reclamacións respecto da restricción de acceso ao Pleno provincial e esíxelle ao goberno da Deputación que lle remita as explicacións axeitadas no prazo de 15 días. Nacho Gómez, voceiro dos socialistas, declara que: "Pedimos amparo ante a Valedora do

Pobo porque consideramos que se estaban a conculcar os dereitos máis básicos da cidadanía, como é a liberdade de acceso e a asistencia aos Plenos que deben ser públicos, nunha insti-

regulamento non se establece nada ao respecto da asistencia. Polo tanto, esiximos a máxima premura por parte do goberno para que se establezan as normas adecuadas e deixen de aco-

garante os dereitos da cidadanía; o vivido no Pleno do día 27 de novembro, no que se restrinxiu o acceso á cidadanía, sen razóns coherentes, non se pode permitir de ningún xeito. Agora

car a imputación de que o político lle ofrecera un posto de traballo a cambio de manter con el relacións sexuais. A denunciante admitiu desde que fixo público o caso, cando deu conta do feito á Fiscalía, que accedera á petición unha soa vez nun céntrico hotel da cidade. A citación, confirmada o 16 de decembro polo Tribunal Superior de Galicia, que fai referencia ao "caso Baltar", prodúcese poucos días despois de que a Fiscalía arquívase a primeira investigación. O feito de que a xuíza aceptase a denuncia da prexudicada, que a convocara e que pedise á Fiscalía as gravacións que ten de conversacións con José Manuel Baltar Blanco, volve colocar ao político do PP nunha situación incómoda. A ourensá, que acusou a Baltar a mediados de outubro ante a Fiscalía, deu un paso máis a principios de decembro ao denunciar os feitos no xulgado. Na súa denuncia, a muller mostraba a súa disposición para ofrecer as gravacións e tamén o teléfono móbil no que conservaba as mensaxes enviadas no seu día polo presidente da Deputación. Mentres que no primeiro escrito ao fiscal limitouse a detallar os feitos, no xulgado apuntou a existencia de supostos delitos de acoso sexual, prevaricación e violencia de xénero. E propuxo, entre outras cousas, un careo entre ela e José Manuel Baltar.



■ Manuel Baltar presidindo unha sesión plenaria da Corporación provincial de Ourense.

tución que non é patrimonio do Partido Popular senón de todos e todas os ourensáns. Baltar, para non ter que dar a cara perante a cidadanía que lle pide explicacións e asunción de responsabilidades políticas, tomou coma refén a Deputación provincial e púxo a ao servizo dos seus intereses, enchendo os Plenos de afíns ao baltarismo e establecendo normas ad hoc, cando no

lleser na discrecionalidade do presidente. A día de hoxe, José M. Baltar é quen decide, quen entra e quen non, no Pleno da Deputación, algo totalmente autoritario e anacrónico". A respecto da comunicación recibida polo Grupo Provincial Socialista, por parte da Valedora do Pobo, Nacho Gómez comentou que: "Non agardabamos menos por parte da institución galega que

é a vez de Baltar, quen terá que dar as explicacións axeitadas do porque do seu comportamento tan pouco democrático".

"Caso Baltar"

O Xulgado de Instrución número 3 de Ourense convocou á muller que denunciou a José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación de Ourense e do PP provincial, para que poida ratifi-

ALLARIZ

Elexidos os xardíns do futuro que integrarán o recinto en maio

O xurado do Festival Internacional de Xardíns de Allariz seleccionou os xardíns que formarán parte da sétima edición do festival adicado aos "Xardíns do futuro".

Oxurado elixiu 10 propostas máis dúas suplentes. O recinto formado por 12 xardíns será ocupado ademais polo gañador da pasada edición "A la imagine de Allariz" do paraguaiño Gabriel Ayala e a proposta didáctica que elaborará o Colexio Padre Feijóo de Allariz. O xurado estivo presidido polo prestixioso paisaxista portugués, Francisco Caldeira Cabral, e composto por Francisco García, alcalde de Allariz; Bernardo Varela, concelleiro de Medio Ambiente; Celestino Feijóo, aparelador municipal e os paisaxistas Elsa Severino, José Crespí, representante da Asociación Española



■ O alcalde, segundo pola dereita, cos membros do xurado.

de Paisaxismo e Teresa Vicente Franqueira, presidenta da Asociación de Graduados en Paisaxismo. As propostas seleccionadas seguiron criterios obxectivos, segundo explicaba o presidente do xurado Caldeira Cabral "harmonía entre criterios estéticos e técnicos, creatividade e innovación ademais da forma práctica de executar os xardíns". O alcalde agradeceu o traballo e o esforzo que realizaron todas as persoas que presentaron a súa proposta destacando a calidade dos proxectos e a participación de paisaxistas internacionais. Ata mediados de xaneiro os autores seleccionados

deberán entregar o proxecto técnico, mentres a brigada municipal encargárase da desmontaxe dos xardíns actuais para que estea todo listo para comezar coa execución dos novos proxectos. O alcalde adiantaba que a data de apertura do sétima edición será o 13 de maio. A oitava edición do Festival de Xardíns de Allariz, en 2017, levará por título "Xardíns da memoria". O tema celebra o 700 aniversario da Festa do Boie permite evocar a antigüidade coa arte no xardín. Ata o 30 de novembro de 2016 estará aberto o prazo para presentar as novas candidaturas para o ano 2017.

Xornada sobre o estado das masas de auga en Xinzo de Limia

Co lema “Depurar para recuperar”, o Centro de Desenvolvemento Agrogandeiro do Inorde en Xinzo de Limia, celebrou a Xornada da auga, enmarcada no Proxecto Life Rexenera Limia.



■ Representantes dos colectivos locais da Limia no Centro de Desenvolvemento Agrogandeiro.

Dous feitos marcan a importancia da implicación da comarca de Xinzo neste proxecto. Por unha banda trátase dunha importante zona agrícola; ademais destaca a importancia das novas xeracións, garantidas cunha substitución xeracional destacable. O alcalde de Xinzo, Antonio Pérez, destacou o papel do Centro Agrogandeiro do Inorde no desenvolvemento da comarca. Por iso apostou pola colaboración entre todas as entidades para o desenvolvemento do Proxecto Rexenera Limia, cuxo obxectivo principal é o de compatibilizar a actividade agraria e gandeira co bo estado das masas de auga. O

presidente do Inorde, Rosendo Fernández manifestou que co Rexenera Limia preténdese axudar e cofinanciar iniciativas que contribúan ao desenvolvemento sustentable de comarcas e territorios. Medidas preventivas e de rexeneración que contribuirán a facer compatibles os diferentes intereses comúns a todos como son a subministración de auga de calidade e a conservación e mellora dos ecosistemas ligados aos cursos fluviais coas actividades agrícolas e gandeiras da zona. O Inorde aposta así polo desenvolvemento destes sectores como motores da economía da zona.

O presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, Francisco Marín Muñoz, resaltou a excelente colaboración dos distintos socios beneficiarios, que contribuíron á elección por parte da Comisión Europea do Life Rexenera Limia de entre preto de 1.500 candidaturas que se presentaron. Fixo mención especial ao importante papel que terán na execución do proxecto todos os colectivos locais da comarca. Unha colaboración público-privada que permitirá facer compatibles os diferentes intereses en xogo como son a subministración de auga de calidade e a conservación e mellora dos ecosistemas

ligados aos cursos fluviais coas actividades agrícolas e gandeiras. Esther de Castro, da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, explicou que o proxecto, do que forman parte como socios a Xunta de Galicia-a través da Consellería de Medio Ambiente, o Inorde, Coren, Ecolagunas e a Confederación, ten como principal obxectivo, unha serie de técnicas innovadoras que reducirán a presenza de nutrientes, fundamentalmente de orixe agrogandeira, nas masas de auga da comarca.

Residuos gandeiros

Inclúe 26 medidas agrupadas en catro grandes bloques de actuación, entre as que destaca o desenvolvemento de solucións alternativas para a xestión de residuos gandeiros destinadas a reducir o seu impacto no medio ambiente a través de humidais artificiais intensivos de macrófitos. Coa posta en marcha destas actuacións espérase que unha vez que finalice o proxecto, reduciuse non só a concentración de nutrientes, senón tamén un 30% o uso de fertilizantes, nun 50% o de abonos e que haxa un 40% menos de gases de efecto invernadoiro. Por parte de Diego Fompedriña

Rosa, do Servizo de Calidade de Augas da Confederación realizouse unha interesante valoración do estado actual das masas de augas superficiais e subterráneas.

Ao longo da Xornada debatéronse temas tan importantes como os efectos da contaminación nos ecosistemas acuáticos, desenvolvida polo director do I.E.S. Cidade de Antioquía apoiado por Juan Carlos Novoa Novoa da área de Edafología; a Lixiviación de nitratos no chan da comarca da Limia correu a cargo de M^a Luisa Fernández Marcos, do Departamento de Edafología e Química Agrícola da Universidade de Santiago. Por parte da Comunidade de Regadores Antela tratouse o tema da optimización da auga de rega e as prácticas sustentables. Servando Álvarez Pousa, do Centro Agrogandeiro-Inorde, disertou sobre a aplicación para un sistema integrado de xestión de abonado que se complementou coa exposición de Benigno Ruiz Nogueiras acerca da rotación de cultivos para a mellora da calidade das augas. A temática das técnicas depurativas das augas contaminadas, correu a cargo Luís Felipe Fernández Fernández, xerente de Ecolagunas, socio do Proxecto.

México e o Entroido protagonistas de Xantar en febreiro

México e o Entroido serán os grandes protagonistas do 17º Salón Internacional de Turismo Gastronómico que se celebrará en Expourense do 3 ao 7 de febreiro.

Sobre estes dous eixos xirará Xantar 2016 que terá unha estrutura semellante a doutras edicións incluíndo actividades xa consolidadas como o Encontro Ibérico sobre dieta e saúde que volverá contar cun completo programa de showcookings divididos en dúas aulas gastronómicas. Tamén volverán celebrarse o Encontro Internacional de Confrarías Gastronómicas e os distintos concursos de cociña para profesionais e afeccionados. Cobrará especial relevancia o “Túnel do Viño” que gaña espazo para acoller un maior número de referencias das adegas galegas que poderán ser coñecidas polos profesionais. Os obxectivos principais

de Xantar 2016 serán o de servir de plataforma para os produtos agroalimentarios de calidade de Galicia, rexións e país convidado,



■ O comité asesor de Xantar 2016 perfilou o programa de actividades.

reservando espazos destinados a pequenos produtores, produtos ecolóxicos e artesanais; promoción a dieta atlántica; promover a competitividade no sector da hostalaría; poner en valor as festas gastronómicas de Galicia, sobre todo aquelas de interese turístico; e dar a coñecer a gastronomía dos distintos camiños a Santiago sen esquecer a cooperación transfronteiriza en materia de turismo e gastronomía.

O Estado de Morelos, situado no centro do país e limítrofe con México D.F., estará presente en todas as accións previstas para esta edición de Xantar promocionando a súa gastronomía, turismo e produtos agroalimentarios. O slogan

turístico deste estado é “Morelos, a primavera de México”. A cociña mexicana está considerada como unha das máis ricas de todo o mundo.

A coincidencia de Xantar cos primeiros días fortes do Entroido en Galicia, levaron á organización a pensar nunha serie de accións para vivir esta festa dende o recinto feiral. Organízase unha acción especial para animar a participar a aquelas poboacións nas que nesta festa se goza dun xeito especial e se convocou o I concurso de disfraces individual ou en comparsa. Haberá desfiles diarios dos distintos traxes e máscaras típicas de Galicia e do Norte de Portugal.

Galicia

Redacción de OURENSE

Familias galegas e portuguesas participaron activamente en Megaxove

Megaxove recibiu máis de dez mil visitas de xóvenes e familias de Galicia e norte de Portugal que se achegaron a Expourense para participar activamente nas actividades.

A última xornada do Salón estivo marcada pola visita dos xogadores do COB que se achegaron ata o recinto para asinar autógrafos e sacarse fotos cos afeccionados. Tamén estiveron presentes outros deportes coma o kickboxing, o bádminton e a halterofilia, que celebrou un campionato oficial de técnica, así como outras actividades lúdicas como o scalextric, que celebraron diversos campionatos e competicións. Destacou o campinato Megaxove de minibasket no que participaron máis de vinte equipos de diferentes idades procedentes do norte de Portugal e de Galicia. O Salón da Xuventude ofreceu a posibilidade de practicar actividades xa coñecidas polos visitantes, pero serviu tamén de andén de promoción e descubrimento de outras actividades vencelladas ao tempo libre, á cultura e ás disciplinas deportivas minoritarias. Nesta cita tivo cabida todo aquilo que animara á participación activa e á adopción de hábitos saudables. Cada rapaz e rapaza puido escoller libremente en qué quería invertir o seu tempo de lecer: dende xogos populares e tradicionais ata a zona

de videoxogos ("II Torneo FIFA" ou "Just dance"), ou dende deportes populares coma o fútbol sala, xadrez ata outros menos coñecidos coma a esgrima antiga. Entre as asociacións participantes destacou un ano máis a Fundación Cipri Gomes. Esta colaborou por sexto ano consecutivo en Megaxove e convocou a centos de nenos e adultos das 20 escolas deportivas coas que conta nas catro provincias galegas e tamén de Portugal. Esta Fundación organizou no salón actividades vencelladas co Kickboxing e o karate pero tamén foi o encargado da aula informática e os seus monitores impartiron clases de pintura, globoflexia, mini chef e xadrez. Asociacións xuvenis, como Amencer, e entidades como o Banco de Alimentos de Ourense, promoveron a recollida de produtos alimentarios na "Operación Quilo Megaxove" e destinalos ás familias que máis o precisan nestes momentos. Pola súa parte, entidades como a Cruz Vermella impartiron obradoiros de primeiros auxilios e de reciclaxe. Entre as novidades do programa de actividades de Megaxove 2015 destacaron as organizadas pola Con-



■ Foron 33 os expositores que ofreceron 150 opcións deportivas, culturais e lúdicas no Salón da Xuventude.

cellería de Xuventude de Ourense como os obradoiros diarios de cociña dirixidos a nenos e nenas de entre 6 e 14 anos. Outra das novidades, e unha das actividades máis visitadas, foi o "Repsol Racing Tour", unha unidade móbil con elementos interactivos, contidos audiovisuais e multimedia, realidade aumentada, exposición de

obxectos históricos e que trouxo ata Expourense a moto coa que Marc Márquez gañou o Mundial de MotoGP en 2013 e o seu equipamento (mono, casco, luvas...). O fútbol burbulla, os obradoiros de chapas, a yincana de bicicletas e o obradoiro de ciencia divertida, foron outras das novidades desta 16ª edición.







17º Salón Internacional de Turismo Gastronómico

OURENSE, DO 3 Ó 7 DE FEBREIRO DE 2016












www.xantar.org

Organiza:



Presuposto Co-financiados:




Co apoio de:








Un sistema de análises xenéticas e un xogo para Android gañan o Concurso de Proxectos Tecnolóxicos

Os premios da 15ª edición do Concurso de Proxectos Tecnolóxicos, que organiza Expourense en colaboración coa Escola Superior de Enxeñaría Informática, foron entregados no Campus de Ourense.

O concurso estivo aberto a titulados das distintas escolas de Informática e Telecomunicacións das universidades galegas e do Norte de Portugal. A entrega de premios foi presidida polo vicepresidente da Deputación, Rosendo Fernández, quen destacou os proxectos presentados e o carácter innovador dos participantes indicando que “iniciativas coma esta constitúen unha oportunidade para por en valor o talento dos nosos estudantes, impulsar o emprendemento e a competitividade co obxectivo de xerar novas oportunidades de emprego” e animou a todos a seguir investigando. Asistiron ao acto a directora da Escola Superior de Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo, Ana Garriga, e a directora adxunta de Expourense, Emma González. Unha das novidades deste ano foi a entrega do premio “Provincia Intelixente” que recaeu en Nicolás Ladero polo traballo “Deseño, implantación e validación dun sistema de recoñecemento de fontes sonoras sobre un SBC”. Esta iniciativa atópase dentro do Plan Ourense 15-19, orientado a dar servizos ós cidadáns e ás administracións locais e no que as tecnoloxías da información teñen unha especial incidencia no seu desenvolvemento.

Modalidades

O primeiro premio para a Modalidade A recaeu no traballo “Rock Bird” de Iván Trigos Gómez, alumno do Máster en Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo. O seu traballo consistiu na preparación e elaboración dun videoxogo adaptado ao sistema



■ Os premios entregáronse no Salón de Grado da Escola Superior de Informática no Campus de Ourense.

operativo. Trátase dun xogo que promete a máxima diversión sen un gran esforzo mental a través das aventuras dun intrépido paxaro, e o máis chamativo del é que ofrece a posibilidade de adaptar a pantalla para xogadores zurdos. Esta aplicación estará dispoñible próximamente para descarga gratuita na “Play-Store” de Android. Na Modalidade B o primeiro premio, dotado con 300 euros, foi para o traballo “Sistema para a detección de grandes insercións e eliminacións xenética e

axuda ao diagnóstico de trastornos neurometabólicos” de Nuria Canle Casares, do Grado en Enxeñaría Informática do Campus de Ourense, Universidade de Vigo. Trátase dunha ferramenta que servirá de axuda nos análises xenómicos para axilizar o traballo dos xenetistas e que nun futuro axudará a diagnosticar máis rapidamente trastornos como o autismo ou o cancro. O obxectivo principal deste concurso é vencellar a investigación realizada na Universidade no eido da informática e as

telecomunicacións ás necesidades e demandas reais do mundo empresarial. Esta iniciativa, constitúe unha oportunidade para os estudantes do sector para dar coñecer os seus proxectos de Fin de Carreira ou de Fin de Máster. Nesta 15ª edición repartíronse un total 1.400 euros en premios. O concurso pretendeu sensibilizar as empresas dos beneficios que lles pode achegar á aplicación da investigación tecnolóxica ao seu proceso de produción, é dicir, trátase de vencellar a investiga-

ción realizada na Universidade coas necesidades e demandas reais do mundo empresarial. Dende a Escola Superior de Enxeñaría Informática indican que “nestes anos houbo casos de proxectos premiados que atoparon traballos nas empresas para as que foi concebido o proxecto. Para os alumnos e alumnas este concurso é un recoñecemento público ao seu traballo, serve para completar o seu curriculum vitae e pode abrírlles as portas a novas oportunidades laborais”.



Entrevista

Berço em Ponte de Lima

Turismo de Habitação atrai políticos europeus, príncipes e atores

O Turismo de Habitação é um dos setores que em Portugal e, nomeadamente, em Ponte de Lima e no Alto Minho, se tem revelado um dos maior poderosos elementos de uma valorização de uma região rica em história e património. As velhas casas senhoriais, recuperadas, ganha-

ram um novo vigor, com personalidades ilustres das mais diversas áreas que as escolhem para passar férias. Ao mesmo tempo, elementos como a cultura e a gastronomia obtiveram uma projeção que se julgava perdida, potenciando a economia e a idiossincrasia da terra e das gentes.

Por: Manuel Gonçalves

A isso não é estranha a liderança de Francisco de Calheiros, o Conde de Calheiros, presidente, há mais de três décadas, da TURIHAB, a maior e mais importante associação portuguesa do setor, com mais de 120 casas associadas. Detentora das marcas Solares de Portugal (Turismo de Habitação) e Casas no Campo (Agro-turismo e Casas de Campo), é membro fundador das redes Europa das Tradições e Fazendas do Brasil.

Nascido há 65 anos, casado e com três filhos, mora e é proprietário do imponente Paço de Calheiros. Costuma levantar-se muito cedo para o seu passeio matinal por entre os jardins, vinhas e hortas do Paço, situado nas encostas de Ponte de Lima, onde o vinho verde é a produção de excelência e, claro, a sua bebida preferida.

Uma das suas paixões é montar a cavalo, subir ao Monte, contemplar o pôr-do-sol da Arcela com os garranos (raça de cavalos autóctone) e com o mar a perder de vista, satisfazendo o seu ego expansionista e universalista.

Engenheiro electrotécnico e etricista, é diretor geral da CENTER - Central Nacional do Turismo no Espaço Rural, presidente da Europa Traditionae Consortium, presidente do Clube de Golfe de Ponte de Lima, director do Festival Internacional de Jardins de Ponte de Lima e cônsul Honorário da República da Eslovénia no Porto e Norte de Portugal.

Entre os diversos prémios e condecorações de que foi alvo, avulta a de Personalidade Turística do Ano 1999 atribuído pela AJOPT; medalha de Prata de Mérito Turístico, pelo Governo de Portugal; e a medalha de Prata da Galiza, pelo Governo Regional galego.

Foi, pois, num ambiente onde se respira cultura e tradição que o NOVAS DO EIXO ATLÂNTICO esteve à conversa com esta personalidade de modos fidalgos e afável no trato.

Quais os apoios registados e a evolução registada nestas três décadas de existência do tu-

rismo de habitação?

■ Ao longo dos últimos 30 anos, o movimento gerado na recuperação das casas senhoriais com

por parte dos seus proprietários, contando-se que para tal se mantenham e reforcem os apoios no âmbito do património

cessidade de formar uma Associação que defendesse os interesses comuns – a TURIHAB – com principal objectivo de fo-

Portugal e o Turismo no Espaço Rural (nas modalidades de Agro-turismo e Casas de Campo) com a marca Casas no Campo.

Como o número de casas associadas à TURIHAB aumentou, era necessário diferenciar as casas em termos de preços, das características arquitectónicas e da classificação legislativa tendo sido agrupadas na marca Solares de Portugal em três grupos: Casas Antigas, Quintas e Herdades e Casas Rústicas e mais recentemente as casas classificadas em TER integraram a nova marca Casas no Campo. Não temos dúvidas que os Solares de Portugal e as Casas no Campo representam um complemento decisivo para a oferta turística portuguesa e são marcas de referência do Turismo sustentável e do desenvolvimento rural.

Um aspecto importante na dinamização desta modalidade de turismo é a presença dos donos da casa e as características familiares de acolhimento que o distinguem de qualquer outro produto a nível nacional.

Ponte de Lima foi o berço do Turismo de Habitação e hoje é já uma realidade que se expande por todo o país. Para tal muito contribuiu a criação de uma central de reservas – a CENTER – que hoje é a principal animadora na promoção e comercialização deste produto turístico.

Ao longo destas mais de duas décadas de turismo de habitação, quais os melhores momentos e maiores dificuldades? Objetivos conseguidos e por conseguir?

■ Muito foi conseguido, mas sem dúvida nada merece mais destaque que o sucesso na recuperação e manutenção de um património arquitectónico, erudito e rústico que sem o Turismo de habitação corria o sério risco de se perder.

O desafio para o futuro, permanece o mesmo: manter o legado que herdamos e entregá-lo à geração futura, sem que este seja um encargo incomportável. Conseguiu-se criar padrões de qualidade e um referencial que



■ Conde de Calheiros

o objectivo de adaptá-las ao Turismo de Habitação veio sucessivamente a incrementar-se e representa hoje uma oferta turística de relevo a nível nacional.

Para isto muito contribuíram os apoios financeiros ao longo das últimas décadas que tiveram origem, ou na tutela do turismo ou da agricultura e desenvolvimento rural.

Manter estas casas e torná-las auto sustentáveis é tarefa extremamente complexa e difícil, requerendo um enorme esforço

classificado.

CASAS ANTIGAS, QUINTAS E HERDADES E CASAS RÚSTICAS
Pode-nos fazer uma breve descrição das peculiaridades do turismo de habitação?

■ Durante as 1ª jornadas de Turismo de habitação, realizadas em março de 1983 em Ponte de Lima, o Turismo de Habitação foi reconhecido como sendo uma atividade turística que daria um contributo importante para o crescimento do turismo na região e de apoio aos donos das casas concluindo-se a ne-

mentar a preservação das casas de Turismo de Habitação e Turismo no Espaço Rural, bem como a sua tradição e cultura. Tendo a legislação como base estratégica para a promoção do Turismo de Habitação e Turismo no Espaço Rural, a TURIHAB teve como principal preocupação, ao longo dos anos, a recuperação e preservação do património associado ao turismo familiar e à identidade da oferta turística diferenciando o Turismo de Habitação através da criação da marca Solares de

Entrevista



fazem da rede Solares de Portugal uma marca de excelência, internacionalmente reconhecida e distinguida com vários prémios.

MERCADO NACIONAL SÓ É 20 POR CENTO

Como é que o setor viveu a crise dos últimos anos? E como se encontra agora?

■ O sector conseguiu ultrapassar a crise vivida, tendo mesmo registado aumentos

da procura nos últimos três anos. A este facto não será alheia a pouca dependência do mercado nacional que representa apenas cerca de 20% da procura, concentrando-se sobretudo nos vários mercados internacionais, nomeadamente na Europa, Estados Unidos e Brasil.

Qual a importância do mercado galego no setor?

■ A Galiza dada a sua proximidade, principalmente para a região Norte, área da

maior concentração de unidades de Turismo de Habitação, é sem dúvida um mercado muito importante.

Assiste-se actualmente a uma forte recuperação da procura da nossa vizinha Galiza, podendo vir a tornar-se num dos principais mercados emissores, quer pela proximidade, quer pelo grau de empatia e simpatia que Portugal merece ao imaginário dos galegos.

Qual o tipo de turista que procura o setor e de onde são oriundos os prin-

os 60 anos, hoje em dia é crescente a procura por uma faixa etária mais jovem (30 – 40 anos) normalmente casais acompanhados pelos filhos.

POLÍTICOS, PRÍNCIPES E ATORES

Todas as figuras da política e da cultura nacionais já passaram pelo Turismo de Habitação, desde os Presidentes da República, com grande destaque para o Dr. Mário Soares, Dr. Jorge Sampaio e o Professor Cavaco Silva. Além dos Primeiros Ministros, Eng.º António Guterres e Dr.



cipais mercados? Muitos amos que já vieram passar férias às casas senhoriais do Alto Minho?

■ A procura pelo turismo de Habitação é essencialmente de estrangeiros, liderada pelo mercado do Reino Unido, seguindo-se a França, Alemanha e Holanda.

Se inicialmente a procura era essencialmente de uma faixa etária entre os 40 e

Pedro Passos Coelho.

Assim como várias personalidades estrangeiras, das quais destacamos: Ruud Lubbers (Primeiro ministro da Holanda), John Major (Primeiro Ministro Inglês), Anders Rasmussen (Secretário Geral da NATO), Lord Spencer (pai da Princesa Diana), Príncipe Filipe da Bélgica, o ator John Malkovich, entre muitos outros.

Minho In e a forte relação com a Galiza

O Francisco de Calheiros é coordenador executivo do projecto Provere MINHO IN, que se desenvolve nas áreas do ambiente, do turismo, do agro-alimentar e da cultura/património.

Em conversa com o NOVAS DO EIXO, fez o ponto da situação deste projeto que abrange toda a região do Minho.

“Foi consórcio MINHO IN que implementou o programa PROVERE, correspondendo a um investimento de projectos ancora no montante de 13 milhões de euros e projetos complementares de 33 milhões de euros, com uma incidência de 90% na área do turismo.

Esta atuação foi complementada ao longo dos últimos 25 anos com uma intervenção no Vale do Lima, através da ADRIL – Associação de Desenvolvimento Rural Integrado do Lima e a implementação do programa LEADER, que representou ao longo destes anos um investimento superior a 50 milhões de euros”.

As atuais perspectivas são de uma “forte acção na área da promoção externa da re-

gião Norte de Portugal, como Director Geral da ATP – Associação de Turismo do Porto e Norte de Portugal, através da qual o objectivo principal será, conduzir e disseminar a concentração turística, actualmente existente no Porto, por toda a região Norte.”

Francisco de Calheiros acentua que em todos estes projectos e acções está presente uma forte relação com a Galiza, com relevo para a dinamização do Caminho Português de Santiago e através de programas transfronteiriços, com participação em ações culturais e de desenvolvimento económico. “Para tal muito tem contribuído o forte relacionamento com as atuais estruturas das tutelas da Galiza, nomeadamente ao nível da Presidência, com quem cultivava uma forte amizade com o actual presidente Alberto NúñezFeijóo e inúmeras figuras da cultura e da sociedade Galegas” – enfatiza, não esquecendo a “forte marca deixada com Dom Manuel Fraga Iribarne”.

Por: M.G.



Guía Gastronómica

A Cantina, restaurante con solera en Doade

Por: Jesús Losada

A variedade de entrantes en restaurante aCantina, de Doade (Sober): pasta fresca, ensaladas e revoltos, saciarán aos padais máis esixentes. Os pratos están elaborados a base carne, excelentes chuletóns, carne asada, cabrito, cordeiro, chourizos e ovos caseños. Cocidos no inverno e callos, así como táboas dos excelentes produtos de Lugo. A Cantina dispón dunha zona de bar-cafetería e dous comedores con música ambiental, piano, aire acondicionado e calefacción nun ambiente dife-



■ Comedor na planta baixa do restaurante, ao carón do bar-cafetería.

rente no medio do campo. Hai cenan-

gán rodeado de esculturas e pezas de arte. As sobremesas de aCantina son un pracer para os sentidos. En aCantina dispoñen de diversos menús especiais para grupos. Aceptan todo tipo de cartóns de

crédito. En todos os menús o prezo inclúe viño, auga e café. Detrás de cada prato, detrás de cada celebración, detrás de cada atención, existe unha persoa. Por iso, a relación de Restaurante aCantina cos seus clientes baséase nun trato humano, de confianza e profesional. "O compromiso de Restaurante aCantina cos nosos clientes baséase no concepto de calidade total estendida a todos os aspectos da actividade, desde o trato persoal ata a prestación de calquera tipo de servizo que estea ao noso alcance", asegura a responsable.



■ Aspecto parcial do comedor superior de restaurante aCantina.



aCantina desde 1947

Fin de semana completo en Villa Donatus

Tour turístico en tren Tschu-Tschu.
Visita Via Appia e Adegas Regina Viarum.
Almorzo, xantar e cea en Restaurante a Cantina.
Noite en apartamento Villa Donatus.



Tlfs: 982 19 87 17 - 630 33 35 79. Doade 79. Sober Km. 12 estrada Monforte a Castro Caldelas

Redacción de OURENSE

A obra pictórica de Alexandro móstrase en Ourense



Alexandro expón na sala do Centro Municipal Xosé Ánxel Valente un compendio de 24 obras pictóricas de grandes dimensións (a máis grande de 3,80 x 2,50 metros), e dunha colección de 30 láminas tamaño A3. Figurativo, como a el lle gusta que o definan, pese ao abstracto das súas pinceladas, “forma parte dunha das máis luminosas xeracións artísticas da nosa cidade, a de “Os artistiñas”, e o seu nome vai intrínsecamente ligado aos de Vidal Souto, Quessada, Virxilio... pero tamén aos de Acisclo e Bucíños, nomes propios que enchen de contido a biografía artística desta cidade nos últimos anos”, dixo o alcalde de Ourense, Jesús Vázquez, durante a presentación da exposición que permanecerá aberta ata o mes de febreiro. “Os tamaños das obras están especialmente pensados para este espazo”, comentaba o ar-

tista Alexandro na presentación. “A sala Valente é un luxo para calquera pintor”, engadiu.



Alexandro estivo dous anos traballando no seu taller de Muxía preparando esta mostra en Ourense. Porén, chegar a este punto de definición pictórica que presenta na exposición “levoume toda a vida”, confesa. A súa especial forma de plasmar as imaxes, non necesariamente a realidade, é a substancia básica do que vemos plasmada cunha textura cromática clásica e coa técnica do óleo, que conforma todo o que crea en movemento xestual pictórico. “Na metade dos cadros que hai na exposición xa tería pintado enriba deles”, dixo o autor entre risas, agardando que esta nova proposta teña tan boa acollida entre o público ourensán coma todas as que leva exposto ata o de agora na cidade. Alexandro forma parte dunha xeración de artistas que xurdiu en Galicia nos anos 70, cuxa obra rompía coa tradición para entrar na contemporaneidad. A súa traxectoria coincidiu coas actividades do grupo Volter, denominados por Vicente

Risco “Os artistiñas”. O pintor, leva máis de trinta anos expoñendo a súa obra en galerías privadas e espazos institucionais, sendo unha das súas últimas exposicións: “Adoitado, líquido, gaseoso”, mostra persoal e monográfica que presentou na Igrexa da Universidade en Santiago de Compostela. Esta exposición estivo comisariada por Cristina Carballado e Miguel Santalices. A súa obra foi descrita polos críticos como unha obra que se achega ao neoexpresionismo e á neofiguración. Traballa todas as disciplinas dentro da plástica, destacando a súa obra sobre papel, conce-

ntiuse “humillado e desprezado” e pensou en retirar os cadros ao montarse a Feira do Voluntariado no mesmo espazo no que se expoñía o seu traballo, sen as necesarias medidas de seguridade e tapando, a súa obra pictórica. Sofía Godoy, concelleira de Voluntariado, púxose en contacto co artista para ofrecerlle explicacións sobre o sucedido. Aínda que molesto polo acontecido, Alexandro decidiu manter a exposición a espera que non se producira ningún dano. O artista agradeceu as mostras de solidariedade que recibiu, tanto por parte de compañeiros de profesión como por



Entroidos en Ourense 2016



Calendario do Entroido en Verín

XANEIRO

28 Xoves de Compadres.
30 Sábado Corredoiro.
31 Domingo Corredoiro.

FEBREIRO

4 Xoves de Comadres.
5 Venres. Compadreo.
6 Sábado de Entroido.
7 Domingo Gordo.
8 Luns Fareleiro.
9 Martes Entroido.
13 Sábado de Piñata.
14 Domingo de Piñata.



Calendario do Entroido en Laza

FEBREIRO

4 Xoves de Comadres
5 Venres de Entroido
6 Sábado de Entroido
7 Domingo de Entroido
8 Luns de Entroido
9 Martes de Entroido



Calendario do Entroido Limiao

XANEIRO

16. Sábado do Petardazo
17. Domingo de Fareleiro
23. Sábado do Colgamento do Meco
24. Domingo de Oleiro
30. Sábado de Mulleres
31 Xaneiro. Domingo de Corredoiro

FEBREIRO

5. Venres;
6. Sábado;
7. Domingo;
8. Luns
9. Martes de Entroido.
10. Mércores. Enterro da Sardiña
14. Domingo de Piñata.



Redacción de LUGO

Concurso para eleixir o cartel da XXXVI Feira do Viño de Amandi

A XXXVI Feira do viño de Amandi celebrarase os días 19 e 20 de marzo de 2016 coincidindo, como dende a súa primeira edición, coa fin de semana do Domingo de Ramos.

O Goberno local do Concello de Sober preparará un ano máis diversas actividades enmarcadas no denominado Mes do Amandi que se iniciarán coa presentación do cartel anunciador e o programa de actos, o día 20 de febreiro nun lugar turístico destacado do Concello de Sober. O Goberno local convoca un concurso de deseño gráfico co fin de eleixir o cartel anunciador desta edición. Os interesados en formar parte poderán presentar os seus traballos ata o último día de xaneiro. O gañador farase cun premio en metálico de 600 euros. As bases que rexen o concurso se poden consultar na web municipal www.concellodesober.com. Os traballos deben presentarse en formato A3 e a técnica é libre. Deberán ser pre-



■ O alcalde de Sober, Luís Fernández Guitián, presentando a edición do ano 2012.

sentados en soporte ríxido para facilitar a súa exposición e só se

pode presentar un cartel por autor ou autora. As bases reco-

llen ademais que os deseños deben reflectir o espírito da

